

sarria

O pleno aprobou por unanimidade aceptar a herdanza dun veciño. **Páx. 3**

triacastela

Licitadas as obras de ampliación da Edar por máis de 450.000 euros. **Páx. 15**

o páramo

A XIV Festa da Xuventude do Páramo celébrase o sábado 6 de xullo. **Páx. 16**

láncara

Olga Capón, portavoz do PP, explica como é o papel da oposición no municipio. **Páx. 17**

o incio

Xabier Vizcaíno lanza o seu novo sinxelo baixo o nome de 'Tóxico'. **Páx. 20**

O TSXG dita sentenza

A antiga fábrica Feculera será devolta ao seu propietario orixinal e non poderá ser utilizada polo Concello de Sarria



A gastronomía, o centro das festas do verán

Facemos un percorrido polas principais celebracións gastronómicas na provincia. **Páx. 12**

A Deputación adxudica a Teleasistencia

Destina un total de 400.000 euros a este servizo 24 horas, que atende nos 67 concellos. **Páx. 21**

Entrevista a Clarisaxos



Falamos con Manuel Montero, promotor do grupo de música Clarisaxos. **Páx. 4**

Nace a asociación AC/RC



Falamos con Iván Barja, vogal da asociación AC/RC de Sarria. **Páx. 8**

Primeiro ano de Goberno



Chus López, alcaldesa de Samos, valora o traballo neste ano de lexislatura. **Páx. 19**

“Estamos moi contentos co traballo feito”

Álex Camba, adestrador de taekwondo valora o primeiro ano da AC Taekwondo. **Páx. 23**

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

CORBAR MAQUINARIA

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

O Verbena Fest e o Ribela Love Nature marcan o verán no aspecto musical



A VI edición do Verbena Fest de Sarria celebrarase o vindeiro 3 de agosto, sendo o primeiro sábado de agosto, como cada ano. Así, as persoas interesadas poderán desfrutar da música en directo de artistas recoñecidos, como o xa confirmado Grande Amore, o grupo Carlangas y los cubatas, o grupo Louband e Grande Osso. O festival contará tamén con sesión vermú, postos de gastronomía local, mercados artesanais, mercados solidarios e actividades para os cativos. Pola súa parte, o Festival Ribela Love and Nature de Sarria desenvolverase este verán os días 26 e 27 de xullo, no que a música, a arte, a sostiabilidade e a comunidade serán as claves do evento. Desta maneira, os organizadores confirman que este ano haberá actuacións musicais de tipo underground e electrónica, "algo diferente con respecto ao ano pasado", pero fan esta aposta para promover un evento "que non se

fixo antes en Sarria". Así, actuarán Alicia Carrera, Bawrut, Cemento Musgo, Certain People, Eduardo de la Calle, Identified Patient, John Axiom Live Band, Jor Ginho, Promising / Youngster, ROBot City, Scandinavian Star & oqboqbo, Sutan e Violet. Moitos deles internacionais que nunca pisaron Sarria e algúns tampouco España.

Por outra banda, nesta edición contarán cunha nova incorporación, xa que o colectivo 'Que Facemos!?' dirixirá a proposta de arte dixital, que incluírá instalacións artísticas, exhibicións curadas de arte, unha pantalla LED e una ambientación única a cargo de artistas internacionais e locais. Como símbolo desta evolución, un dos artistas invitados, o Dj e artista visual canadense Som Fay, deseñou o novo logo da edición, un colibrí con todas as cores do arco da vella, creando amalgamas psicodélicas do pasado, presente e futuro a través da lente e a sinestesia.

O Goberno local non poderá utilizar a Feculera como auditorio

A fábrica Feculera de Sarria deixará de ser propiedade do Concello e terá que ser devolta ao antigo propietario, Caixa Rural, despois de que o xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Lugo ordenara que se cumprira a sentenza do TSXG pola que se anulou a compra efectuada polo Concello en 2024 por 300.000 euros. O TSXG anulou a compra do Concello, que tiña como obxectivo utilizar as instalacións da Feculera como un lugar de acción social e cultural, proxectando nela un auditorio; despois de que o PP presentara un recurso no que alegou que as instalacións da Feculera incumprían as normas subsidiarias da formulación urbanística e que o terreo no que se asenta non ten a consideración de solar e desde o Goberno local denuncian que esta decisión supoña que non poida haber un centro cultural e de ocio que "serviría de desenvolvemento para o barrio da Estación, onde se atopa".

A voceira, Carmen José López, considera que "Garrido mentiu ao barrio da Estación e tentou enganar a toda a cidadanía xerando expectativas en relación a unha infraestrutura fundamental e prioritaria para Sarria como é o auditorio, xa que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desmontou coa sentenza a gran mentira sobre a Feculera, deixando claro que no inmoble non se ía a poder facer o auditorio nin darlle o destino de usos cultural", explica a portavoz. "Tendo en conta que o edificio está fóra de ordenación, unicamente se podían facer obras de conservación e, polo tanto, facíao inviable para facer un



auditorio, estando ademais prohibido o cambio de uso, unha circunstancia que o Partido Popular leva anos advertindo", argumenta. Ademais, cre que "Garrido leva anos facendo perder o tempo cun suposto proxecto que era inviable, falando dun anteprojecto que non existe nin existiu", expón. A portavoz popular incide en que "a renuncia do Goberno a recorrer a sentenza pon en evidencia que o goberno municipal nunca tivo intención de facer un auditorio alí porque sabían que non era posible", explica. Por todo isto, desde o PP esixen que se poña a traballar para non perder máis tempo e faga realidade unha necesidade evidente para o municipio, moi demandada por todos os sarriaos e para a que agora dispoñerá novamente do importe que pagara pola Feculera".

Ademais de supoñer un problema para o Goberno local, xa que aí se garda a maquinaria municipal; ta-

mén supón un agravio para o club de billar de Sarria, xa que aí se desenvolven as clases e as reunións de afeccionados ao billar e ao pool, como Gussy, deportista sarriaio de gran recoñecemento.

Concretamente, este profesional do deporte espera que "se arranxen as cousas o antes posible de forma legal e que haxa algún tipo de acordo para beneficiar aos involucrados nas instalacións da Feculera". Así, explica que as clases que se impartían na escola de billar deixaron de ter lugar desde febreiro, porque "non sabiamos se íamos ter que marchar ou quedarnos, e preferimos non comprometernos co alumnado ata que non soubésemos o que ía pasar". Por iso, piden que se faga o que sexa "máis factible", que "se chegue a un acordo co propietario para que poidamos quedar ou que nos reloca-licen noutro espazo do Concello para poder dar continuidade e unha solución aos cidadáns", explica Gussy.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

O orzamento de 14,5 millóns de euros de Sarria entrou en vigor

O orzamento de 14,5 millóns de euros proposto polo Goberno de Camiña Sarria entra en vigor despois de publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e despois de non ser admitida a alegación do PSOE pola cal os socialistas sostiñan que era “insuficiente a xustificación dos ingresos para asegurar o equilibrio presupostario”.

Porén, o alcalde, Claudio Garrido, resolveu a cuestión a través dun decreto no que rexeita a alegación do concelleiro Diego López por entender que tivo mecanismos para opoñerse a ditos presupostos, como a votación en contra no pleno ou a posibilidade de firmar unha moción de censura en contra do Goberno local, polo que a alegación socialista quedou inadmitida.

Desta maneira, e a través da cuestión de confianza do Goberno local, quedan aprobados os orzamentos de 14.526.469 euros para o ano 2024 no municipio de Sarria, que irán destinados a gastos correntes en bens e servizos, en gastos de persoal e o presuposto da residencia de maiores, de 1.820.182 euros.

RESPOSTA DO PSOE. O concelleiro socialista, Diego López, anunciou durante o último pleno, que o seu grupo municipal se reserva emprender acción legais despois de non ser admitida por decreto a súa alegación contra os orzamentos municipais de 2024, xa que entende que debería ser o pleno quen debeu de resolver o asunto.

A contestación do alcalde de Sarria, Claudio Garrido, foi a de



que acudira ao xulgado se cre que houbo algunha irregularidade.

OUTROS ASUNTOS DO PLENO.

Ademais, durante o pleno tamén se falou da sentenza pola cal se desestimou o recurso de Benjamín Escontrela ao non deixarlle participar nunha votación de 2023 e acusouse ao alcalde de “vulnerar os dereitos dos edís do Partido Popular ao convocar un pleno con 5 horas de antelación”, xa que tamén saíu unha sentenza condenando a Garrido por esa convocatoria de pleno ao considerar que non existía urxencia algunha que xustificar a convocatoria extraordinaria de pleno, así como conclúe que se vulnerou o dereito a participar nos asuntos políticos da corporación municipal. Por outra banda, no pleno, o Goberno de Camiña Sarria propuxo unha modificación da ordenanza pola expedición de documentos administrativos, que foi rexeitada polo PP, o PSOE e o BNG, así como tampouco saíu adiante a moción do PP na que pedía que o Concello aporte fondos para as festas das parro-

quias, o que Camiña Sarria considera “inasumible”, xa que hai 52 parroquias.

HERDANZA DUN VECIÑO.

Porén, o punto central do pleno protagonizouno o veciño Manuel Sobrado Pérez, que hai dous anos faleceu e deixou como herdeiro universal ao Concello de Sarria.

O patrimonio, que será parte das arcas municipais, foi aceptada no pleno por unanimidade co voto a favor de todos os partidos políticos e consta de pisos en Madrid, na Coruña, en Sarria e en París, así como leiras en Sarria, lugar onde naceu. En total, a herdanza podería roldar os 2 millóns de euros.

Desta maneira, o sarriao, impuxo soamente a condición de que a súa herdanza fora destinada a atender a vítimas de violencia machista, persoas maiores, para axudas á beneficencia e para o desenvolvemento social da vila sarriá.

Todos os grupos da corporación agradeceron “a xenerosidade e o amor” de Manuel Sobrado cara ao pobo de Sarria, demostrados con esta herdanza.

Xa son 14 artistas para o Internacional de Maxia



Roberto Lolo, o mago sarriao promotor do XIX Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria, vén de anunciar diferentes artistas que formarán parte do evento que se celebrará o evento que se desenvolverá os vindeiros 22, 23, 24 e 25 de agosto. Desta maneira, Er Mago Antonio estará por primeira vez en Galicia, que virá desde Chiclana de la Frontera ata Sarria para que todo o público disfrute “do seu bo humor e simpatía”, tal como explica o mago sarriao. Tamén estará José Antonio, máis coñecido como El Barón, por primeira vez no festival, un “súper artista versátil e cun dos looks máis potentes sobre un escenario”. O terceiro é o arxentino Christian Miró, que define como “un dos máis grandes do mundo na súa disciplina, a ventriloquía”. O cuarto artista é o ilusionista arxentino Mariano Goñi, un dos creadores máis prolíficos da escena máxica en España, xa que combina centos de efectos e técnicas diferentes nos seus espectáculos. Tamén estará xente nova que está empezando, porque “Sarria é o sitio ideal para eles”. Así, tamén participarán catro artistas novos: Imanol, que leva indo a Sarria cada ano ao Festival desde Bilbao, polo que “lle dixeran que se preparase e

traballase duro, con cariño e, sobre todo, con paciencia. Vai sorprenderte moitísimo e a min faime moi feliz”; MagAldara, que debutou o ano pasado e “gañouse o agarimo incondicional do público”; Magic Mateo, que Lolo convidou a vir para que debutase en Sarria por primeira vez; e Alvar, que debutará este ano en Sarria “para que se vaia curtindo e collendo experiencia, así manterá a espiral a lume de biqueira, e encantaralle seguir facendo maxia”, argumenta Roberto Lolo. Por outra banda, tamén estará Miguel Ángel Gea, un dos máis grandes magos de España e especialista en cartas e moedas, “un dos máis grandes do universo, un amigo incondicional e un artista incomensurable”; Deimi Varela, que vén por primeira vez ao Festival, aínda que leva anos dedicándose á profesión; o mago Paco, experto en maxia infantil, “onde está o seu forte” explica Lolo; e o Mago Iago, que debutou en Sarria hai 5 anos, con 6 anos. “A ver que con que nos sorprende este ano”, dixo. Finalmente, tamén confirmou a presenza de Judith Trilirí, que “conquistou ao público” e a Daniel Sánchez, “un dos mellores magos novos do panorama actual e que a min me encanta”, concluíu.

TU CARDIÓLOGO EN SARRIA

ESPECIALISTA EN HEMODINÁMICA Y
CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA

Rebollal - Leal

CLÍNICA CARDIOLÓGICA

- Valvulopatías
- Insuficiencia Cardíaca
- Arritmias
- Cardiopatías Congénitas

- Cardiopatías Familiares
- Prevención Cardiovascular
- Hipertensión Arterial
- Dolor torácico

Nº Reg. Sanc C-27-001 193

Rúa da Liberdade 111, Entresuelo C. Sarria – Lugo / Tel.. 634 406 084

“Queremos que os nenos teñan un grupo onde tocar”

Falamos con Manuel Montero, profesor na Escola de Música de Sarria, e tamén promotor do grupo de música Clarisaxos que se formou no 2014

Como xorde o grupo Clarisaxos?

O grupo Clarisaxos xorde pola miña iniciativa en 2014, que foi cando comecei a dar clase na escola de música de Sarria para que todos os meus alumnos fixeran música xuntos. Concretamente, o alumnado de clarinete e saxofón, de aí vén o nome; pero logo fomos engadindo alumnado e agora, ademais de clarinete e saxofón, temos profesionais da frauta traveseira, do óboe, doutros instrumentos da familia do clarinete e do saxofón, e engadimos agora trom-

prendidas entre os 8 e os 50 e pico anos, ademais, son principalmente alumnos meus da escola de Sarria, aínda que como o grupo funciona tan ben e é todo tan ameno, este ano engadíronse os de vento metal. Ademais, as persoas máis maiores son persoas afeccionadas que dan clase comigo na escola e forman parte do grupo.

Cales son os obxectivos do grupo?

O obxectivo principal é que todos os meus alumnos fagan música entre eles e que poidan participar de concertos. Por iso,

e ao colexio da Merced. Para o ano que vén intentaremos facelo tamén no CEIP Luís de Granada para achegarlle a música aos nenos máis pequenos da vila.

Cales son as actividades desenvolvidas ata o momento?

Ensaíamos unha hora por semana e, como anécdota, pola pandemia tiñan tantas ganas de dar clase que nos seguimos conectando online e seguimos dando clase. Ademais, como eu tamén dou clase nas Escolas Municipais de Música de Rábade-Begonte-Outeiro de Rei-Friol, durante a pandemia montamos un grupo cos alumnos das escolas de Rábade e os de Sarria e conectábase todos xuntos. Así, no curso de cana simple que organizou recentemente a Banda de Música da Comarca de Sarria en Triacastela, viñeron tamén os meus alumnos de clarinete de Rábade e xuntáronse cos de Sarria, mentres que eu estiven de profesor en dito curso. Por outra banda, Clarisaxos participa nas audicións da escola de Sarria, que facemos polo Entroido e polo fin de curso, xa que ademais de actuar os alumnos de clarinete e saxofón, os Clarisaxos facemos un concerto previo ao San Xoán, que este ano tivo lugar o 20 de xuño, no que tamén participou con nós a profesora de canto alemá, Tabea Graser. Durante esta actividade fíxose historia, porque interpretamos tamén un arranxo instrumental do himno do Concello de Sarria, xa que había un arranxo para coro e fixen



eu un instrumental que inauguramos o ano pasado xunto coa Coral Polifónica na Feira de Antigüidades de San Lázaro. Outras actividades destacadas do noso grupo foi cando tocamos catro pezas xunto ao graffiti de Diego

vez dáse máis de conta do traballo que fai a música na nosa sociedade, e sempre estamos moi acollidos pola xente de Sarria cando facemos concertos, sempre hai xente arroupándose, agradecendo o traballo que facemos, gústanlles moito os nosos concertos; entón moi contentos e queremos seguir sumando xente e que todos os nenos teñan un grupo para tocar música.

Teñen colaboración do Concello ou dalgunha outra asociación e colectivo sarriao?

Temos colaboración do Concello de Sarria apoiándonos e axudándonos cando o necesitamos, amplificando o noso son ou calquera cousa. Ademais, tamén temos colaboración coa Banda de Música da Comarca de Sarria, coa que imos facer un concerto conxunto despois da Noite Meiga que é o último sábado de agosto, polo que tamén temos boa relación coa asociación Meigas e Tragos, organizadora deste evento.

Hai algún proxecto de futuro?

Esta tempada que comeza a partir de setembro-outubro cumprimos dez anos de vida, polo que temos pensando facer algo especial, aínda que non hai nada confirmado.

“Durante a pandemia, o alumnado tiña tantas ganas de seguir dando clase que fixemos clases online das que participaron tamén os alumnos das Escolas Municipais de Música de Rábade-Begonte-Outeiro de Rei-Friol”

As sobre Elías Valiña o día que o inauguraron; xa que nos chamaron do Concello para ir; e protagonizamos tamén un concerto solidario na Unión pola guerra de Ucraína.

Como é a acollida da xente de Sarria?

As agrupacións, cantas máis, mellor, porque así a xente cada



bón, trompeta, trompa, tuba, contrabaixo e percusión.

Por quen está formado?

En total, como 30 persoas os que formamos parte do grupo Clarisaxos e con idades com-

tocamos en todas as audicións de música de Sarria e a maiores facemos todos os anos polas Letras Galegas unha iniciativa pola que levamos a música galega ao instituto Xograr Afonso Gómez

TE ESPERAMOS
EN TU TIENDA
OFICIAL
MASlife:

📍 Rúa da
Liberdade, 133.
Sarria.

☎ 622 82 62 88



TU ANTIGUA
TIENDA YOIGO

AHORA
TE OFRECE
MUCHO MÁS.

MASlife

Yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone

Ars Principia organiza o curso VIII Contos pintados con Música

O Concello de Sarria presenta un programa de bolsas para os estudantes de instrumentos de vento da Escola de Música Municipal de Sarria destinadas a facilitar o acceso ás actividades organizadas pola orquestra Ars Principia, dirixida por profesionais de Ars Combinatoria.

O obxectivo desta iniciativa é promover o estudo e difundir a cultura, polo que todos os nenos e nenas de entre 12 e 18 anos interesados en participar do curso de verán VIII Contos pintados con Música, que será do 21 de xullo ao 3 de agosto, poderán presentar as súas solicitudes enviando un correo a cultura@sarria.gal.



Os requisitos son, ademais de ter entre 12 e 18 anos, ter residencia na comarca de Sarria, ser alumno de fruta, óboe, clarinete, fagot, trompa, trompeta ou percusión da Escola

Municipal de Sarria ou integrante da Banda Municipal de Sarria e cursar últimos cursos na ESMUSA ou acceso a grao profesional. O prazo para apuntarse remata o 10 de xullo.

Adxudicado o servizo de atención temperá

O Servizo de Atención Temperá (SAT) vén de ser adxudicado para o conxunto dos sete municipios da comarca, Sarria, Samos, Paradela, Láncara, O Páramo, O Incio e Triacastela; por un valor de 185.000 euros anuais e por un período de dous anos á empresa A Billarda SL. Desta maneira, os pequenos de entre 0 a 6 anos disporán dun servizo de atención temperá comarcal de luns a xoves de 8.30 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas, mentres que os venres o servizo será de 8.30 a 12.30 horas.

A licitación do Concello de Sarria, que se adxudicou á cuarta, esixe que o servizo inclúa unha aula sensorial de 40 metros cadrados, sala de lactancia de 20 metros cadrados e espazo exterior para actividades ao aire libre de 250 metros de superficie.

Ademais, a empresa presentou novidades, como 15 horas de formación para familias, 5 horas de actividades grupais para menores e bolsas de 100 horas de logopeđa, pedagogo e psicomotricista; así como tamén ofertaron equipamentos de novas tecnoloxías, como visualizadores fonéticos e

da fala, dispositivos de debuxo ou escritura manual e aplicacións interactivas de psicomotricidade. Cabe destacar que o servizo de atención temperá impártese nas instalacións do colexio da Asunción e está dirixido a pequenos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos, así como tamén está dirixido ás súas familias e á contorna, polo que conta cunha subvención da Dirección xeral de Persoas con Discapacidade para o ano 2022-2024 de 320.000 euros.

A Plataforma Diversa Infantil da Comarca de Sarria apelou ás institucións públicas para que continúen mellorando o Servizo de Atención Temperá da Comarca de Sarria de forma que "se incorporen terapias imprescindibles para moitas nenas e nenos: fisioterapia en pediatría e terapia ocupacional; se garanta, dende o sistema público, a intervención terapéutica máis aló dos 6 anos cando sexa necesario; e se habilite un local específico para estes servizos de forma definitiva, axeitado para favorecer o traballo das e dos terapeutas e accesible para todos", conclúen.

O PSOE critica os cambios de horario na piscina cuberta de Sarria

O Grupo Municipal do PSOE de Sarria critica o cambio dos horarios da piscina cuberta de Sarria por facelo "sen previo aviso", explican. Durante o ano, a piscina climatizada do municipio abríase polas tardes ás 16.00 horas, porén, neste

mes de xullo, o horario atrasouse ata as 19.00 horas. Desta maneira, os socialistas din que algúns usuarios acudiron ás 16.00 horas e non puideron entrar porque o horario cambiara "sen informar á xente", un cambio que afectou tanto ás

persoas que ían nadar como ás que querían usar o ximnasio. Por isto, o portavoz socialista, Benjamín Escontrela, denuncia a "desorganización" na xestión das piscinas e lembra que non se buscou substituta para a profesora de pilates.



NOS GUSTA VERTE FELIZ Y...
MUY PRONTO CONSEGUIREMOS TU MEJOR SONRISA



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

PRÓXIMA APERTURA

Sarria acolle cursos de natación en verán



O municipio de Sarria organiza cursos de natación de verán nas piscinas ao aire libre que xa están abertas en catro quincenas: do 1 ao 15 de xullo, do 16 ao 31 de xullo, do 1 ao 14 de agosto e do 16 ao 30 de agosto. Os horarios a escoller serán: de

12.00 a 12.30 horas, de 12.30 a 13.00 horas e de 13.00 a 13.30 horas para iniciación, medio ou perfeccionamento; e de 13.30 a 14.00 horas para 2-3 iniciación, iniciación e medio; e de 14.00 a 14.30 horas para adultos medio e perfeccionamento.

O Ultra et Suseia foi presentado na casa consistorial do Concello

Presentouse a terceira edición do Festival Ultra et Suseia, que se celebrará entre o 15 e o 20 de xullo. O Ultra et Suseia acollerá actuacións de artistas galegos, como espectáculos de comedia, narración, música, paseos teatralizados 'Camiñografías', Contos Sonoros, que unen música e narración, e A Romaxe do Camiño, unha xornada de música o día 20 de xullo que servirá como espazo de confraternización. As Camiñografías partirán do centro histórico conducidas por Silvia Mondelo. Como novidade, contarán coa presenza de *influencers* galegos. O 15 de xullo participarán Pepe e Lucas, mentres que o día 17 fará o propio Pablo Meixe.



A única actividade de pago será o espectáculo cómico 'Level Up', onde o humorista David Perdomo fará un repaso aos seus 20 anos de carreira. Será o venres 19 de xullo en O Meigallo ás 21.00 horas. Nesta edición, as asociacións de

culturais da comarca de Sarria gañan máis protagonismo. Así, estarán Peleiriños, Meigas e Tragos e Rúa da Música, Rebuldeira Teatro, a Banda Municipal de Sarria e a Banda Comarcal de Sarria, que participarán de maneira activa.

Inaugurado o Polo de Emprendemento e de apoio ao emprego de Sarria

A Xunta inaugurou o polo de emprendemento e de apoio ao emprego de Sarria, que supón o número 14 da Rede e o quinto na provincia de Lugo. O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, participou na posta en marcha desta nova oficina, na que se presta de xeito gratuíto apoio e asesoramento a calquera persoa que desexe emprender un negocio en Galicia o consolidar o que xa ten en funcionamento.

A apertura do polo de Sarria busca dar formación e información ás persoas emprendedoras que o precisen co fin de xerar máis emprego de calidade en Galicia, co foco posto no rural. A Rede de emprendemento, polo tanto, ten o obxectivo de dina-



mizar a economía local e fomentar a iniciativa emprendedora na comunidade.

Neste senso, sinalou que a Xunta quere xerar un ecosistema de apoio aos emprendedores a través dos polos que se configuran no rural e nas cabeceiras da comarca como o de

Sarria. En palabras de González, "as políticas de apoio ao emprendemento son clave para o desenvolvemento económico e social de Galicia e, por iso, é importante explorar e aproveitar as oportunidades de negocio que ofrece a Xunta, apoiando ás persoas que estean dispostas a facelo".

Carmen José López, directora da Consellería de Emprego



A portavoz do Grupo Municipal do PP de Sarria, Carmen José López, é a nova directora territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia na provincia de Lugo, quen asume "este reto con moita ilusión, porque eu sempre estiven moi ligada ao emprego, ao emprendemento, á economía social, ao asociacionis-

mo... Entón, é coller os eidos nos que levo moitos anos e traballar pola provincia, pero tamén por Sarria". Así, aclara que o seu traballo como concelleira do PP na corporación municipal da súa vila continúa, xa que "traballar por Sarria é o proxecto máis ilusionante da miña vida e ese compromiso con Sarria mantense intacto".

**PERMUY
GESTIÓN**

CORREDURÍA DE SEGUROS

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de julio!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 86 27400 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47
982 53 50 63
610 221 677



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia de Luis

Mesón do Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697



HOTEL & VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Casa de Aza Padron



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 16 30 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL: 639 010 696

“É unha actividade que serve para desconectar do mundo”

Falamos con Iván Barja, vogal da asociación AC/RC, que acaba de poñerse en marcha en Sarria para unir a persoas que teñan a mesma afección

Como xorde esta asociación?

Xorde da idea de catro amigos aos que nos gustaban os coches radiocontrol. Con esa afección, faciamos quedadas os domingos nun circuíto que montamos nós na antiga canteira de Treilán. Un día dixemos “por que non facemos unha presentación no pobo a ver se hai máis xente afeccionada”, e así fixémoslo e coñecemos a xente que se dedicaba ao mesmo. Así, agora somos 12 persoas entre os cin-

son de 300 ou 400 euros e cara a arriba, e o que facemos con eses coches é escalar con eles zonas do monte e do circuíto. Hai coches de diferentes modalidades: de correr, de pista, de *drift* como os de ‘A todo gas’ todoterreos, *buggies*, deportivos, avionetas, barcos... Hai de todo. O que pasa é que estes coches permiten ter o chasis por un lado e a carrocería por outro, polo que podes ter varias carrocerías para o mesmo coche. E a todos os

tooth, entón a certa distancia traballan e cando perde a sinal o coche fréase, antes quedaba acelerado. Pero os coches poden ir ata os 140-160 km/h. O noso obxectivo é dar a coñecer este tipo de afección e tamén coñecer xente que se dedique a isto, porque hai veces que non sabes de xente que se dedica a iso e está ben sabelo para poder facer quedadas.

En que circuítos se poden facer estas quedadas?

En Lugo hai unha pista na zona de Frigsa e alí nós levamos os nosos coches *crawler*, que non son para correr, senón que é un coche con pouca velocidade, e pasamos un bo rato. Aquí en Sarria temos o circuíto que montamos nós no monte de Treilán e na propia vila de Sarria temos o campo da feira, aínda que nós fixemos a presentación da nosa asociación na praza da Vila, que se encheu de xente, o que nos sorprendeu moito, porque non contabamos con tantas persoas. Desta maneira, as persoas que tiñan esta afección, como nós, pero o facían en sitios privados, agora saben que se pode facer de maneira conxunta. Ademais, non só viñeron persoas de Sarria, senón tamén de Lugo, Ourense e Coruña.

Cales son os beneficios desta actividade?

Nós estamos moi contentos con esta actividade, xa que vimos na presentación como se unían pequenos e maiores para probar os coches, como un señor



de arredor dos 70 anos de Lugo que vén con nós a correr os coches. É unha actividade que serve tamén para desconectar do mundo, porque todos esta-

que vén, cousas importantes que seguramente se fagan en Sarria e que suporán un incentivo para a vila, xa que atraerán xente. Ademais, temos a colaboración do Concello de Sarria, xa que todo o que pedimos nolo dá, e cos fondos que ten a asociación queremos usalos para facer eventos. Non podemos desvelar moito máis, pero queremos poñer en valor que o circuíto en Treilán montámolo nós e a limpeza do monte fixémoslo durante os últimos dous anos e incluso pagamos do noso peto que sacaran todo o lixo acumulado que había. Estamos moi agradecidos cos comeneiros do monte de Treilán, que nos deixaron a canteira e por iso coidamos ese lugar. Tamén pola mesma razón queremos pedirlle á xente que non tire lixo alí, que non ensucie; xa puxemos carteis, pero pedimos por favor que coiden o medio ambiente.

“Vai haber sorpresas cara ao ano que vén, cousas importantes que seguramente se fagan en Sarria e que suporán un incentivo para a vila”

mos enganchados ao móbil e ás consolas, pero nós queremos pasalo ben así e desconectando dos problemas e do traballo... é o que nos fai ser o que somos, todos nos levamos ben e todos decidimos todo entre todos.

Hai proxectos de futuro?

Vai haber sorpresas cara ao ano




co que formamos a asociación, máis xente de Lugo e desde o día que fixemos a presentación, uníronse outras 15 persoas.

En que consiste o radio control?

O radio control non é un xogo de nenos, porque os coches non son coches teledirixidos de plástico,

coches podes facerlle melloras de motor, de rodas.. como se fora un coche normal. Nós traballamos con baterías Lipo, xa que antes levaban emisoras de cristal, pero agora traballan por frecuencia 2.4G; que para que nos entendamos é como o *blue-*



REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572



LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444

641 171 951

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabelimpiezas@gmail.com

Os afectados pola LAT en Sarria seguen organizando reunións

Os afectados pola liña de alta tensión LAT 220kv SET PE Chao do Marco – SE Belesar (REE) e SEC Soilán de Sarria organizaron unha reunión coa colaboración da Sociedade Cultural e Recreativa La Unión, que lles cedeu o local.

A charla informativa sobre a instalación da LAT, que discorre pola comarca de Sarria, afectando tamén a outras zonas da provincia de Lugo como Becerreá, Baralla, Láncara, Paradela, O Saviñao e Chantada; estivo impartida por Jado, presidente da asociación Ventonoso en colaboración coa Deputación de Lugo.

Desde o grupo de afectados de Sarria din que “a reunión resultou moi interesante debido a que se nos foron aclarando varias dúbidas nas que estabamos sumidos respecto desta instalación, á vez que nos embarga unha enorme preocupación. Unha vez máis se fixo patente as numerosas deficiencias achadas, as constantes omisións de datos, a incoherencia nos trazados, a clara desconfianza que entraña este proxecto, entre outras moitas, sen deixar de mencionar a impotencia que sentimos ante semellante atropelo ao máis débil”, explican.

Ademais, din que teñen unha “fria sensación sobre a nula valoración que se fai do núcleo rural, medio de vida e sustento de moitas familias, a ausencia total de consideración cara á parte humana, do mesmo xeito que o correspondente a flora e fauna. Entendemos que este proxecto non está baseado nin enfocado a un ben para os cidadáns, máis ben todo o contrario, no beneficio económico para a empresa promotora do proxecto, Enel Green Power, deixando clara a falta de ética, lóxica e coherencia á que estamos afeitos”, sosteñen.

Desde o grupo de afectados da zona de Sarria rematan destacando “a desidia e o total abandono que sentimos por parte dos organismos públicos, dando a calada por resposta a unha petición solicitada co único fin de explicar, aclarar as lóxicas dúbidas que se nos expoñen aos afec-



tados e buscar alternativas o máis satisfactorias para todos, deixándonos claro que por e para o pobo non están”, sinalan. Refírense á carta que lle mandaron á Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia na que pedían unha reunión e onde denuncian que cando se aprobou o proxecto houbo “unha falta de transparencia e desinformación na que nos vemos sumidos, mostrando en todo momento a nosa gran disconformidade con todo o procedemento”. Con todo, denuncian que “seguimos sen vías de comunicación para que as persoas responsables do proxecto se reúnan cos afectados para explicar e aclarar dúbidas; polo que hai un nulo interese da Administración ao non defender os intereses dos máis vulnerables”. Ademais, lembran que calquera persoa afectada se pode poñer en contacto con eles a través do número 624 08 65 15 ou no correo afectadosaltatensionsarria@gmail.com.

APOIO DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DO CONCELLO DE SARRIA. Pola súa parte, o pleno provincial da Deputación de Lugo aprobou por unanimidade unha proposta en apoio ás persoas afectadas polo proxecto de execución da LAT, na que se reclama á Xunta de Galicia que se estuden alternativas viábles ao trazado da liña eléctrica, buscando minimizar os impactos ambientais, sociais e económicos. O vicepresidente da Deputación e deputado do BNG,

Efrén Castro, denunciou que “o trazado responde á conveniencia e ao interese económico da empresa pero vai contra o máis mínimo sentido común” xa que, explicou, nalgúns puntos, a liña pasaría pegada a núcleos de poboación e incluso a casas, con consecuencias negativas sobre a calidade de vida e a saúde das persoas, os recursos hídricos, a biodiversidade e o patrimonio, pero tamén sobre o valor das propiedades que atravesa o trazado.

Con respecto ao Concello de Sarria, este tamén lle remitiu á Xunta de Galicia un escrito de alegacións contra o proxecto, no que solicitou a modificación do trazado proxectado para arredalo de oito núcleos de poboación ao seu paso polo termo municipal de Sarria. Ademais, o alcalde propuxo tres modificacións do trazado, que serían “facilmente asumibles” porque “non suporían un impacto significativo aos efectos da execución do proxecto”. Así, a primeira consistiría nun lixeiro desvío da liña para rodear o núcleo de Fontebuín; a segunda apartaría o tendido dos núcleos de Betote de Abaixo, Betote de Arriba e Treilán, evitando ademais ter que cruzar a estrada autonómica LU-546 dúas veces; e a terceira consistiría en afastar a liña de alta tensión dos núcleos de Arxemil, A Vilerma, Rosende e As Nogueiras. Neste caso, ademais, a alternativa proposta evitaría que a rede pase por enriba dunha propiedade residencial.

Tres alumnas do IES Xograr Afonso Gómez, entre os mellores expedientes de Galicia



Tres alumnas de 2º de Bacharelato do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria foron recoñecidas cuns diplomas coma homenaxe por formar parte dos mellores expedientes de Galicia nun acto organizado polas tres universidades galegas: a Universidade da Coruña, a Universidade de San-

tiago de Compostela e a Universidade de Vigo. Dende o centro educativo están moi orgullosos delas e de todo o alumnado que fixo que o IES Xograr Afonso Gómez obtivese un 97 % de aprobados na ABAU e cunha media de 6,8 puntos, superior á media do conxunto de centros galegos.

En marcha a campaña ‘60 minutos 1.000 euros’



O ACES - CCU de Sarria lanza a campaña ‘60 minutos 1.000 euros – 60x1.000’ que ten máis de 10 anos. “É unha das actuacións con mellor acollida polos clientes do CCU Sarria, debido ao premio tan apetecible que ten, mil euros, dedicados a gastar en todas aquelas cousas que queira a persoa gañadora, pero coa condición de que terán que ser gastados

nun prazo máximo de 60 minutos”, explican. Esta campaña, que fomenta o comercio local, estará nas rúas da vila durante todo o mes de xullo, cadrando coas rebaixas do Centro Comercial Urbano de Sarria. As compras nos 29 comercios adheridos, farán que unha persoa sexa a gañadora de mil euros para gastar ao seu antollo en sesenta minutos.

#ATOPARALOENSARRIA

XUNTA DE GALICIA

DO 1 AO 31 DE XULLO!

1.000€ EN 60 MINUTOS

Merca no comercio de Sarria e gaña 1.000 euros en 60 MINUTOS

ACES CCU

“Intento sempre ofrecer a mellor calidade dos meus servizos”

Falamos con María del Mar Tourón, xerente e traballadora de Logopedia Sarria desde 2005 aínda que leva exercendo desde 1999

Fálenos dos comezos do negocio.

Eu acabei a carreira no 1999 e xa tiña algún paciente que estaba esperando a que eu rematara, así que empecei traballando en domicilios, logo en casa dos meus pais tiña unha sala, logo pasei a unha clínica e, finalmente, montei o centro de Logopedia en 2005. Decidín virme aquí por ter máis espazo e porque así teño aquí todo o material que necesito, non teño que transportar obxectos. E así sigo case 20 anos despois, traballando aquí no meu negocio.

Que servizos se ofrecen?

Ofrecemos todos os servizos relacionados coa logopedia, que é unha disciplina da rama sanitaria e encárgase do estudo, prevención, detección, avaliación, diagnóstico e tratamento dos trastornos de comunicación humana as súas funcións asociadas. Así como tamén reparamos na respiración, na audición e linguaxe e na alimentación, e tratamos desde nenos pequenos, que poder ter Trastorno do Espectro Autista, ata adultos que sufriron ictus ou están a pasar por enfermidades dexenerativas e teñen problemas de comunicación porque perderon esa capacidade. Tratamos todas as patoloxías relacionadas coa fala, pero tamén coa escritura, e atendemos a persoas que veñen derivados dos dentistas e ortodontistas por sufrir unha mala situación lingual que pode producir alteracións na mordida que conleva alteracións da fala.

Con que produtos traballa?

Hoxe en día, coa implementación de sistemas tecnolóxicos ou os mó-

biles, tamén axudamos ao paciente, ademais dos recursos tradicionais. Cada paciente ten un proceso diferente, entón, se o vemos necesario, poden traballar cunha *tablet* ou un comunicador.

Como é o traballo diario?

Hai unha comunicación directa coas familias dos pacientes. Primeiro, faise entrevista inicial na que se valora o problema que hai e fanse as avaliacións pertinente e en función diso establecemos a necesidade das sesións, que serán 1 ou 2 por semana, individualizadas, agás en casos dalgúns nenos que se poden poñer 2 xuntos para

problemas de alimentación, ata persoas maiores, nas que se diagnostican casos de afasias primarias moi pronto, como unha demencia que comeza a aparecer a partir dos 50 ou 60 anos, na que se ve a perda de facultade verbais por mor do ELA, dunha demencia, ou alzhéimer... e iso conleva un tratamento de por vida. Aumentou moito o número de persoas maiores que veñen á Logopedia e veñen a facer un labor de mantemento co fin de non perder as facultades que adquiriron. Ás veces os pacientes non son conscientes de que o importante non é recuperar, é non per-



que sexa mais dinámico se encaixa, pero a intervención é específica. O traballo comeza desde o propio nacemento, xa que poden haber

der o que temos. O que facemos non é só un labor rehabilitador, tamén é un labor educativo. Porén, si que aumentou a conciencia



social da necesidade de logopedas desde que comecei a traballar hai 25 anos.

E o traballo cos nenos?

O traballo cos nenos depende da patoloxía, xa que cunha mordida aberta trabállase a base de exercicios de colocación da lingua, mentres que cos nenos máis pequenos cun retraso da linguaxe trabállase de forma máis lúdica a través de xogos, imaxes, cancións... Desta maneira, na entrada e na da sesión falamos coas familias porque o importante é que saiban como vai evolucionando e que sigan unhas pautas en casa. A fala é algo que se traballa a todas horas, polo que hai que facer un traballo detrás para xeralizar o aprendido aquí. En casa hai que controlar a lingua, a respiración... Así como tratamos a linguaxe, tamén tratamos trastornos na escrita, xa que a dislexia, por exemplo, está moi relacionada co desenvolvemento da fala. É dicir, a fala está conectada coa escritura, polo que podemos tratar as dúas cousas xuntas. A conciencia fonolóxica é a conversación que facemos dos sons transcribindo a letras.

Por que é necesario en Sarria?

Considero que é preciso porque hai unha demanda en Sarria. Cando eu saín da carreira non había ningún logopeda na vila e era un campo aberto. Agora, vai aumentando a poboación infantil e maior e considero

que hai moito campo de traballo.

Cales son as opinións das persoas que acoden a Logopedia Sarria?

Levo 25 anos e pretendo seguir, polo que entendo que as súas opinións son, maioritariamente, positivas. Hai xente fiel que segue un tratamento de mantemento para non perder as funcións que ten e as familias dos nenos quedan contentas, xa que xeralmente os seus problemas teñen solución, aínda que abarcamos unha patoloxía moi ampla. No caso das persoas maiores, é máis complicado e ás veces é superior a nós, pero en xeral hai moitísima xente maior motivada que vén día tras día e aínda que as capacidades cognitivas diminúen, están no proceso.

Algunha novidade do sector?

Eu fórmome continuamente e intento ofrecer a mellor calidade dos meus servizos para a xente que vén. Estou contenta co meu traballo e estou continuamente participando de formacións para mellorar no meu traballo. O sector avanzou moito, hai moitas novidades e hai moita demanda, así que hai que seguir adaptándose e cambiando. Concretamente, hai avances a nivel xenético e estudos que evidencian que tratamentos que antes eran efectivos, agora non o son, polo que hai que estar sempre formándose.

CARNICERÍA
Noda

TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

O municipio acolle campamentos de verán arredor do Sarria Concilia

O Concello de Sarria organiza dous campamentos de verán despois de que diversas familias de Sarria se queixaran de non ter praza no servizo de conciliación presentado polo Goberno local de Sarria para este verán, polo que desde o Concello d presumen de dar resposta ás súas necesidades de conciliación da vida familiar e laboral ante a alta demanda de solicitudes recibidas no Programa Sarria Concilia.

As actividades deportivas e de ocio organizadas pola área de Deportes do Concello de Sarria para o campamento 'Aventura no Camiño' comezaron o 1 de xullo para a rapazada de 9 a 16 anos. Por outra banda, presentan un campamento chamado 'Camiños de cultura' para nenos e nenas de 4, 5, 6 e 7 anos, que se desenvolverá entre en tres quincenas: do 1 ao 12 de xullo, do 15 ao 31 de xullo e do 1 ao 14 de agosto, en horario de 09.30 a 14.00 horas. Desde a Concellería de Igualdade manifestan a súa satisfacción por



sumar esforzos, xa que "a conciliación é un problema para as familias, sendo moi difícil compaxinar o ámbito laboral co persoal e familiar. Isto pon de manifesto a necesidade de que desde as administracións públicas nos impliquemos e sumemos esforzos para crear actividades que aseguren a conciliación do traballo e a vida persoal", destacaron. O programa Sarria Concilia, dentro do cal se enmarca a Ludoteca de verán 'Desde Sarria cara ao mundo', está financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade, da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de

Galicia, a través do Plan Corresponsables. Unha nova política pública posta en marcha polo Ministerio de Igualdade, a través da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero. O seu obxectivo é subvencionar actuacións orientadas a facilitar a conciliación das familias con menores a cargo e, con carácter prioritario, á atención de familias monomarentais e monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, ou unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas con coidados.

O IES Gregorio Fernández homenaxeou a Eduardo Rey



O alumnado e profesorado do IES Gregorio Fernández realizou unha homenaxe ao docente Eduardo Rey Moure que faleceu o ano pasado, xa que exerceu como mestre no instituto durante 40 anos. Plantouse unha árbore e fíxoselle unha talla de madeira a través do profesional Luís Hospido, mestre do IES, na cal se retratou a Eduardo Rey coa poesía 'Non deixes que a tardiña me sorprenda' de Fiz Vergara Vilariño, figura da que sempre falou como profesor. Raquel Arias destacou o seu empeño a laboriosidade e alumnado e os presentes achegáronse a regar a

árbore como recordo cara a Eduardo. Ademais deste acto público, tamén celebraron no IES un acto interno no que se leron poemas de Fiz Vergara e ensináronse fotografías recompiladas xunto cun ramo de flores que acompañaron as palabras "Eduardo, sempre en nós". Por outra banda, Luis Melle e Carme Conde, profesores do IES Gregorio Fernández, organizaron unha actividade na que un grupo de arredor 50 persoas percorreron a ruta de Fiz Vergara por Lúzara, en Samos, que serviu como lembranza da figura de Fiz Vergara e coma homenaxe a Eduardo Rey.



PIZZERIA PAPPARAZZI
100% ITALIANI

¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en toda pizza familiar

-25% en toda pizza individual

Martes
Familiar de Jamón e Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Balco Sarria
T. 982 012 026

CAFETERÍA EL PARISIEN Comida para levar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 * T. 982 530 491 * SARRIA

TAPERIA ¡ ¡ATO

Raciones a medida

Comidas por encargo

COMIDA PARA LLEVAR

AVDA BECERREA 15, SARRIA · 982.047.528



TEMPO DE VERÁN

A gastronomía, o centro das festas de verán

Centos de persoas percorren os concellos nos meses de xuño, xullo, agosto, setembro e incluso xa entrado o outono para desfrutar dos mellores pratos da gastronomía luguesa

A comunidade galega acolle numerosas efemérides dedicadas aos produtos gastronómicos locais

O polbo, a empanada, o viño, a oliva, a tortilla, o percebe, a carne ao caldeiro, o mel... estes son os ingredientes necesarios para pasalo ben nunha festa de verán polos distintos concellos da provincia de Lugo, desde A Mariña lucense ata a Ribeira Sacra, pasando pola Terra Chá, pola Montaña de Lugo e pola comarca de Sarria.

Os galegos, e sobre todo os lucenses, desfrutamos dunha festa cando vai acompañada de boa comida, boa música e boa compañía, e por iso existe o *slogan* de 'E para comer, Lugo', recoñecido en Galicia e fóra dela, xa que miles de persoas veñen desfrutar da nosa gastronomía e dos nosos costumes culturais, etnográficos, sociais e, por suposto, do ámbito culinario.

A continuación, poderase consultar

a información relativa aos diferentes eventos gastronómicos da provincia de Lugo segundo os meses nos que se desenvolvan.

XULLO

En xullo chega a Celeiro a **XXV Festa da Merluza do Pincho**, unha cita imprescindible na época estival, xa que supón un dos eventos gastronómicos máis importantes da comarca da Mariña Lucense, que pon en valor un dos produtos de máis prestixio da gastronomía galega. Durante a iniciativa, que adoita celebrarse o segundo sábado de xullo, as persoas que se acheguen poderán desfrutar da deliciosa pescada elaborada de formas diferentes: en empanada, en caldeirada, á galega, en salsa verde, en salpicón, la especial Penalba... Tamén en Celeiro desenvolveranse as súas grandes festas de verán, as **Festas Patronais e do Mar de Celeiro** en Viveiro durante os días 22 e 26 de xullo, nas que haberá unha gran festa da cervexa e empanada, na que haberá degustación de ámbolos dous produtos así como música durante todo día e actividades culturais. Ola súa banda, en Xove celébrase tamén nestas datas a Festa do Percebe, na que se poderá degustar este produto típico do mar, acompañado de boa música que chegará ao municipio para amenizar a xornada culinaria.



AGOSTO

En agosto, as festas gastronómicas da provincia de Lugo multiplícanse, sendo o mes por excelencia da comida e a verbena. Así, os días 3 e 4 de agosto terá lugar a **XXXVIII Feira do Bonito** terá lugar o 3 e o 4 de agosto na zona portuaria de Burela, que ofrecerá o produto típico do mar Cantábrico en porcións de bonito asado á grella, de bonito cocido e outra de empanada de bonito. Ademais, durante a festa tamén haberá acompañamento musical e outras actividades culturais e concursos para que as persoas poidan participar. Esa mesma fin de semana celebrárase a **Festa do Percebe de Rinlo**, en Ribadeo, festa na que todas as persoas que se acheguen poderán desfrutar da festa e degustación deste crustáceo mariño, mentres se desfruta da boa compañía e da música da festa. Pola súa parte, os concellos de Cervo e Barreiros

compiten cada ano por ter o mellor ovo frito, xa que ambos celebran a **Festa do Ovo Frito**, aínda que Cervo leva XVII edicións e Barreiros celebra a súa VI edición. Nesta festa, que celebran os dous concellos o mesmo día e á mesma hora, serven 1.000 racións de ovo frito por hora, acompañados de 4.500 chourizos e máis de 1.000 kg de patacas. Ademais, tamén en Barreiros, cada ano celébrase a **Festa da Tortilla en Celeiro de Mariñaos**, normalmente o terceiro sábado de agosto, dúas semanas despois da Festa do Ovo Frito. O ano pasado, na Festa da Tortilla presentáronse vinte concursantes para elaborar a mellor e máis grande tortilla nas catro categorías do concurso e destacou a elaboración dunha tortilla de 720 ovos, 100 kg de patacas e 10 kg de cebolas. Outra festa que se celebra en Barreiros en agosto, é a **Festa do Marisco**, que terá lugar a súa V edición os días 16 e 17 de agosto.



C-27-000501

logopedia Centro de **logopedia** M^o del Mar Tourón 91 de Santiago 11/2018

Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?

TRASTORNOS

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_marll@hotmail.com

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilaro@hotmail.com

www.marmolesvilaro.com

MARMOLES VILARO

Nestas mesmas datas, desenvólvese todos os anos a **Festa da Carne ao Caldeiro de Remouelle**, en Ribadeo, na que as persoas que se acheguen poderán degustar do tradicional prato composto por tenreira galega cocida con pementón, acompañada da música tradicional que se elixa para amenizar a xornada ribadense.

Pola súa parte, Viveiro tamén acolle diversas festas gastronómicas durante o mes de agosto, como a **Festa do Xamón Cocido**, na que haberá degustación deste prato típico galego, así como a **Romaxe do Bo Xantar** en Viveiro, na que a gastronomía será a protagonista da romaría do Naseiro, que na última edición comezou cunha xornada dedicada ao polbo. Finalmente, tamén se celebra a **Feira da Cervexa Artesá** a primeira fin de semana de agosto, durante a que as persoas interesadas poderán probar ata 60 tipos de cervexas artesás, ademais da cervexa local Xistral.

Baixando da Mariña Lucense cara Lugo, a finais de agosto celébrase unha das festas máis recoñecidas de toda Galicia, que é a **Festa do Pemento de Mougán** en Guntín, na que miles de persoas disfrutan deste produto típico da gastronomía galega, que vén acompañado pola degustación do churrasco que se ofrece aos visitantes.

Por outra banda, en Castroverde, tamén a finais, sobre o día 20 de agosto, celébrase a **Feira da Artesanía e Gastronomía** do municipio, onde hai degustación de produtos típicos como o queixo, o viño, o pan... pero tamén acollen exhibición de coches clásicos, talla e escultura, cestería e actividades culturais.

Xa na comarca de Sarria, Láncara adoita acoller a segunda semana de agosto a **Festa da Troita**, na que as persoas interesadas en disfrutar deste produto gastronómico do río Neira poderán facelo de forma gratuíta nos establecementos dalgúns parroquias do municipio.

Na Ribeira Sacra tamén se celebran



diversas festas gastronómicas en agosto, como a **Festa da Empanada** de Chantada, que se desenvolve o último martes de agosto e na que, ademais de empanada, pódese disfrutar do viño da Ribeira Sacra, e máis actividades culturais que forman parte tamén das súas festas patronais. Ademais, este ano celébrase a edición XXXIII da **Mostra do Mel de Quiroga**, posiblemente a segunda semana de agosto, que, ademais de acoller postos de mel artesá, traerá grandes actuacións musicais durante varios días para os visitantes.

Finalmente, Sober acollerá a **Feira da Rosca e Produtos da Ribeira Sacra** a segunda fin de semana de agosto, poñendo en valor a rosca, o produto gastronómico máis importante do municipio.

SETEMBRO

As festas gastronómicas non rematan en agosto, polo que en setembro pódense atopar diversas propostas culinarias para disfrutar da comida popular de Galicia. Así, o primeiro venres de setembro celébrase a **Festa da Troita no Corgo**, na que se ofrecen troitas e churrasco ás persoas que se achegan como parte do evento. A festa está organi-

zada pola asociación de pescadores Ponte de Areas e con eles colabora os concellos do Corgo, de Guntín e do Páramo. Por outra banda, o último domingo de setembro celébrase a **Feira do poldro e do gando do monte** en Muras, festa considerada de interese turístico galego na que se poderá degustar da carne vacún e cabalar. Ademais, esta mesma e última fin de semana de setembro terá lugar a **Festa da Faba de Lourenzá**, unhas xornadas gastronómicas nas que adoita haber degustacións da faba conxuntamente con catas de viños de adegas do municipio, todo iso acompañado de música e actividades culturais.

OUTUBRO

Xa en outubro, na capital da provincia, celébrase a **Feira do Mel**, na que se organiza cada ano unha cata de mel así como varios artesáns expoñen os seus produtos en postos establecidos no centro de Lugo a mediados de mes. Da mesma maneira, O Valadouro tamén celebra a súa **Feira do Mel** coincidindo coa celebración da festa homónima en Lugo, a mediados de mes. Nesta, hai exposición do mel e outros produtos típicos da zona e da tempada. Aínda que tamén acolle obradoiros,

música e actividades culturais. E tamén terá lugar a Festa da Castaña de Samos, recuperada o ano pasado e que se espera que este ano volva a achegar aos turistas este produto típico do municipio.

NOVEMBRO

En novembro tamén se celebran festas do mel, como a Feira do Mel de Montaña de Muras, que se desenvolverá o terceiro fin de semana do mes co fin de potenciar e dar a coñecer este produto, aínda que tamén se poderá degustar de maneira gratuíta os liscos, así como disfrutar de diferentes obradoiros e actuacións musicais. Con respecto á castaña, Burela acolle todos os anos unha festa dedicada a este produto, na que todas as persoas participantes poderán disfrutar a segunda fin de semana do mes e que tamén incluírá cantos de taberna, obradoiros, xogos populares para nenos, unha gran foliada. Na outra punta da provincia, en Folgoso do Courel, tamén se celebra a Festa da Castaña, aínda que algo antes, a primeira fin de semana do mes, na que, ademais de castañas asadas, as persoas que se acheguen poderán degustar viño e disfrutar das actuacións musicais organizadas.

A Mariña, a Ribeira Sacra e a Montaña danlle á provincia de Lugo unha singularidade particular que a fai única

Tapisa, s.l.
TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185
Crta. Comarcial 546, km 21 Sarria

CARPINTERIA METÁLICA

NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARÍA AGRÍCOLA

VIMETAL TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camilo Francés 43, 27600 Sarria - Lugo
Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

COMARCA

Transportes licita o contrato de conservación de estradas

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible licitou un contrato de servizos para a conservación e explotación de estradas do Estado na provincia de Lugo, cun orzamento basee de licitación de 17,7 millóns de euros (IVE incluído).

A duración do contrato é de tres anos, con posibilidade de prórroga de dúas máis e outra adicional por un máximo de nove meses. O anuncio correspondente será publicado proximamente no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Este contrato inclúe requisitos para promover a eficiencia enerxética e a redución de emisións e enmárcase no programa deste Ministerio para manter as condicións de circulación, vialidade e seguridade na Rede de Estradas do Estado (RCE), asegurando que sexa accesible nas condicións adecuadas a todos os cidadáns.

O obxectivo do contrato é o mantemento e conservación de 267,8 km de estradas do sector nº3 (incluídos 46,5 km de autovía), que inclúe varios tramos da autovía A-54 (desde o km 0 ata o 38); a A-56 (desde o km 40,600 ao 49,100); e varios tramos das estradas N-540, N-540A, N-547, N-640, N-120, N-120A e a estrada LU-12 (Acceso a Lugo).

Xunto ás estradas relacionadas, será obxecto de execución a modificación de sistemas de contención para mellorar a visi-



bilidade na autovía A-54, do km 12,200 ao 23, tramo Monte de Neda – Guntín.

REDUCCIÓN DE EMISIÓN. Dentro da estratexia de redución de emisións e mellora da eficiencia enerxética, os pregos de licitación dos contratos de conservación e explotación (COEX) da Rede de Estradas do Estado inclúen obxectivos de mitigación e compensación da pegada de carbono, o que implica que as empresas deberán incluír nas súas ofertas o cálculo da pegada de carbono que xerarán durante a execución do contrato en cada tramo da estrada.

Así mesmo, estas comprometeranse a presentar un plan de descarbonización nos seis primeiros meses de contrato con medidas redutoras e de compensación de emisións para conseguir un balance neutro en

carbono aos cinco anos desde o inicio do contrato.

A compensación poderase realizar a través dos proxectos de absorción rexistrados no Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, ou mediante outras opcións.

Este plan tamén se incluírá dentro dos criterios de valoración. Con iso, perséguese a redución de 71.640 toneladas de CO2 anuais que, segundo os cálculos realizados pola Dirección Xeral de Estradas, xera o funcionamento ordinario e os labores de mantemento e explotación da Rede de Estradas do Estado e refórzase a orientación cara aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) cos que está comprometido este Ministerio.

Aprobado o plan de xestión da Reserva Terras do Miño ata o ano 2034



O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, presidiu os órganos reitor e participativo da Reserva da Biosfera Terras do Miño, xestionada pola institución provincial, un encontro que serviu para a incorporación de tres novos membros ao órgano de participación, superando as 60 entidades, e para a aprobación definitiva do Plan de Xestión da Reserva para o período 2024-2034. Desta maneira, incorpóranse a asociación cultural e deportiva A Fortaleza Sport, o club de marcha nórdica Nordic Walking Lugo e a asociación de veciños de San Cosme de Nete. Ademais, o deputado informou ao órgano participativo de Terras do Miño da proposta definitiva do novo Plan de Xestión da Reserva para o período 2024-2034, logo da fase de exposición pública e a consulta técnica a través das mesas sectoriais. Un plan que determina as actuacións prioritarias nas que este espazo natural centrará o seu traballo durante os próximos 10 anos e que contará con fondos propios da Deputación dun total de 1,3 millóns de euros para o período comprendido entre o 2024 e o 2034.

A vogal do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) no órgano de participación da Reserva da Biosfera Terras do Miño, Margarida Prieto Ledo, interveu para reiterar a necesidade de proceder á valoración do impacto de diversos proxectos sectoriais integrados -e os que eventualmente poidan integrarse- nestes territorios protexidos, incluídos os proxectos industriais en tramitación -na súa meirande parte polígonos eólicos, fotovoltaicos e explotacións mineiras- a fin de avaliar a ameaza real sobre estas áreas protexidas. Fixo fincapé nas alegacións presentadas tanto polo SLG-CCLL como por outros colectivos sociais ao respecto da pertinencia de incorporar no Plan de xestión as recomendacións nesta materia recollidas no "Informe sobre Viabilidade Das Instalacións Eólicas, Fotovoltaicas e Termosolares, incluída particularmente a repotenciación e infraestruturas asociadas nos territorios declarados Reserva da Biosfera no territorio do Estado", elaborado polo Consello científico do Comité español do Programa "Home e Biosfera" (MAB) da Unesco.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluta
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

Alumnado de Samos, O Incio e Triacastela compartiu actividade

O Ceip de Samos acolleu unha xornada de convivencia entre o alumnado dos colexios de Samos, O Incio e Triacastela. Durante a xornada, os nenos e nenas realizaron diferentes actividades artísticas, levando como recordo un facho olímpico, unha pulseira feita nos obradoiros, un abanico para cada neno e nena e un diploma da participación. Ademais, sucedéronse as Primeiras Minio-limpíadas, xuntando ao alumnado das tres escolas rurais en diferentes equipos. Ao remate, levouse a cabo a entrega de premios, finalizando a xornada cun xantar conxunto.

Licitadas as obras de ampliación da Edar por máis de 450.000 euros

Augas de Galicia vén de licitar a ampliación da Estación Depuradora de Augas Residuais (Edar) de Triacastela por un valor de 451.154 euros e cun prazo de execución de seis meses.

Actualmente, a depuradora está construída para abastecer unha poboación de 350 habitantes e coa ampliación case duplicará a súa capacidade, prestando servizo a 611 persoas.

As obras consistirán en instalar dos tanques para a decantación primaria e o sistema secundario farase mediante dúas liñas de biodiscos e un novo decantador lamelar con bombeo de purga dos lodos. Ademais, terá un sistema de desinfección ultravioleta.



O convenio de colaboración firmado pola alcaldesa de Triacastela, Olga Iglesias, e a conselleira de Infraestruturas previa ás eleccións da Xunta, Ethel Vázquez, fora firmado en xaneiro, xa que estas obras eran unha demanda constante polo Concello de Tri-

castela, xa que a Edar é punto de inicio e fin de etapa do Camiño de Santiago, polo que pasan por ela moitos peregrinos. As empresas interesadas en presentarse ao concurso licitado poderán presentar as súas ofertas ata o vindeiro 29 de xullo.

O Concello adhírese como entidade colaboradora do Programa FSE+

O Concello de Triacastela é unha das entidades colaboradoras do Programa FSE+ de Asistencia Material Básica destinado a familias con menores a cargo que se atopan nunha situación económica vulnerable. Esta iniciativa consiste na posta a disposición das persoas destinatarias de tarxetas intercambiáveis por produtos de asistencia material básica, en concreto produtos de alimentación, así como artigos de hixiene. As tarxetas só se poden empregar nos establecementos colaboradores do programa. O programa inclúe unha serie de medidas de acompañamento que



recibirán as persoas beneficiarias en función das súas necesidades, tales como información sobre recursos sociais dispoñibles, prestación directa de servizos ou programas e activi-

dades dirixidas á inserción sociolaboral. As solicitudes de acceso serán tramitadas pola traballadora social do Concello e o acceso está aberto ata o 31 de decembro.

O colexio albergou un museo sobre patrimonio



O museo escolar do patrimonio triacastelá 'O teu pasado, o meu presente' estivo aberto no CEIP Eduardo Cela Vila de Triacastela durante o mes de xuño.

O museo conta con catro estancias formadas por recreacións artísticas feitas na súa totalidade polo alumnado e acompañadas dunha breve descrición. A do patrimonio natural alberga o Monte Oribio coa súa cume, a Pena Sóa; o Río Oribio e a Castiñeira Centenaria de Ramil. A do patrimonio arquitectónico e ar-

queolóxico: a Alvariza, a Cova Eirós, o Pombal de Celeiro e unha recreación do Castro de Triacastela.

O patrimonio cultural e lingüístico: a cachena, o Apalpador, un libro de refráns e lendas, un libro con coplas elaboradas polos nenos e varias obras publicadas polo Concello e a Xunta sobre a riqueza do municipio. O patrimonio histórico inclúe o Camiño Real do Oribio, a Ferrería e a Capela de San Mamede. Ademais, houbo tres vídeos no recuncho audiovisual.

Este verán ofértase o servizo de ludoteca e cursos de natación

O Concello de Triacastela abre o prazo para que as familias que queiran poidan apuntar aos seus fillos e fillas na ludoteca de verán durante os meses de xullo e agosto en horario de 09.30 a 14.00 horas co fin de promover a conciliación familiar durante os meses nos que os máis pequenos teñen vacacións. Desta maneira, ofértanse 20 prazas a un prezo de 25 euros por neno ou nena.

Tamén abre o prazo de matrícula nos cursos de natación que terán lugar na piscina municipal de Sarria os meses de xullo e agosto. O número de prazas é de 20 e os prezos variarán, segundo se elixa quincena ou mes completo.

Terán prioridade os nenos e nenas empadroados en Triacastela, seguidos dos nenos e nenas escolarizados no colexio da vila.



albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN
REFORMAS Y
REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA

COLOCACIÓN DE PIEDRA

ESTRUCTURAS DE NAVES

EXCAVACIONES Y TRANSPORTES

OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698



ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS
PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas
para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com





XENERA
COMPAÑIA ELECTRICA

A principal compañía eléctrica de
nuestra 10000 gallega. Concedida
en 1991 como SA XENERA.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

o páramo

O Concello acolle varias actividades de verán



O Concello do Páramo acolle un campamento de verán para nenos e nenas de 3 a 13 anos. As actividades, que rematarán o 31 de agosto, son en horario de 10.00 a 14.00 horas de luns e venres e o lugar de recollida é no centro sociocultural. Porén, as actividades desenvolveranse no polígono polideportivo do Páramo, no centro social e no campo da feira, xa que haberá diferentes actividades de manualidades, deporte e de lecer. A intención do campamento é "favorecer a conciliación da vida familiar e laboral no período de vacacións de verán, ao

mesmo tempo que se lles dá aos nenos a opción de desfrutar dun tempo de ocio, facilitando a convivencia e as relacións sociais". Por outra parte, haberá viaxes organizadas para este verán nos meses de xullo e agosto. Empezaron o 3 de xullo a Miño, e as seguintes serán o 10 de xullo a Covas de Viveiro, o 17 de xullo a Ares de Ferrrol, o 24 de xullo a Foz e o 31 de xullo a Ceadeira; e en agosto, 7, cunha saída a Tapia de Casariego, en Asturias; o día 14 a San Miguel de Reinante, o día 21 a Cabañas, en Pontedeume, e o 28 a Torno, en San Cibrao.

Celébrase o 6 de xullo a XIV Festa da Xuventude do Páramo

Este sábado, 6 de xullo, celébrase a XIV Festa da Xuventude, que incluírá diversas actividades para as persoas que se acheguen a desfrutar da xornada. Desta maneira, haberá unha andaina popular de 11.00 a 14.00 horas guiada por Guido Guía no marco do programa 'Descubrin-do a Comarca de Lugo e as Terras

da Ulloa'. Ademais desta actividade, que rematará cunha degustación de produtos locais e música tradicional, ás 21.00 horas terá lugar unha comida popular para as persoas que o desexen e actuará na festa tanto o grupo Onda Dagda como La Noria, que amenizarán a verbena nocturna.

Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza
Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

láncara

Organízanse diversas actividades de verán para a conciliación e o lecer

O Concello de Láncara vén de anunciar que haberá varias actividades de verán 2024 dentro do seu programa de conciliación e lecer. Desta maneira, os nenos e nenas de Láncara de 4 a 10 anos contarán cun campamento de verán 'Divermañás 24' no que poderán desfrutar de actividades variadas, como obradoiros de creatividade, xogos en equipo de mesa, de auga e moito máis. Este desenvólvese desde o 24 de xuño ao 6 de setembro en horario de 10.00 a 14.00 horas na Praia Fluvial de Pobra de San Xiao. Pola súa parte, tamén terá lugar un campamento xuvenil, para rapaces de entre 11 e 17 anos, do 22 de xullo ao 30 de agosto, que se desenvolverá nas instalacións municipais e contornas do municipio. Desta maneira, haberá dous horarios, un



para os cativos de 11 a 12 anos, de 10.00 a 12.00 horas; e outro para os rapaces de 13 a 17 anos, de 12.00 a 14.00 horas. Entre as actividades que se desenvolverán destacan as de deportes, que inclúen fútbol-sala, baloncesto, voleibol, pádel; as charlas e talleres educativos, os xogos tradicionais e as rutas de senderismo. As persoas interesadas poderán apuntarse ata o vindeiro 8 de xullo na Biblioteca Municipal ou

a través da sede electrónica do Concello de Láncara e deberán pagar un custo de 6 euros semanais. Por outra banda, co obxectivo de seguir promovendo a conciliación familiar e ofrecer alternativas de calidade para a mocidade durante o verán, organiza o Mundialito de Fútbol Sala para rapaces de 8 a 17 anos do 1 ao 19 de xullo no pavillón polideportivo municipal, en horario de 10.30 a 13.30 horas.

Substitúese a ponte sobre o río Sarria no núcleo de Supena, en Láncara

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, inicia os traballos de substitución da ponte sobre o río Sarria ao seu paso por Láncara, no núcleo de Supena, que terán un custo de máis de 600.000 euros. A ponte existente presenta graves patoloxías que poñen en risco a súa integridade estrutural. O non ter a capacidade hidráulica suficiente, e que o ancho do taboleiro cunha única calzada de 3 metros é insuficiente e impide o cruzamento de dous vehículos. As obras, que durarán oito meses, consisten na demolición completa da estrutura existente e a construción dunha nova ponte de dous carrís, mantendo a localización do existen-



te para conservar a integración coa rede viaria. Inclúese a impermeabilización e reposición de capa de rodadura no taboleiro da nova ponte e as conexións da nova estrutura, cos vías existentes en ambas as marxes do río Sarria. Estas actuacións com-

pletarase co desvío e reposición da rede de abastecemento afectada pola construción do estribo situado na marxe dereita do río; a reposición do camiño de acceso á vía desde os terreos situados na marxe esquerda augas arriba da ponte; e a restitución ambiental das marxes e leito.

PINTOR
PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

**PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936
HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES
C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)**

A Casa de Galicia en Madrid acolle unha exposición do Muvicla

O Muvicla inaugura a exposición 'Coidamos da terra. Coidamos da xente' na Casa de Galicia, unha mostra do bo facer e a cultura da terra galega, usando a arqueoloxía industrial agraria. A través de paneis e elementos tradicionais, percórrese a evolución da Casa de Vázquez, a casa de labranza de Láncara que chegou a ser unha explotación agrogandeira.

Láncara

Olga Capón entrou na Corporación municipal por primeira vez en 2023

Olga Capón, portavoz do PP de Láncara, presentouse como cabeza de lista do partido por primeira vez nas pasadas eleccións municipais do 2023, pero leva vinculada á política desde moi pequena, xa que o seu pai, Eladio Capón, foi alcalde de Láncara durante 30 anos. Olga Capón sostén que sempre estivo ao marxe da política activa ata que chegou o último período do seu pai, na lexislatura de 2011 a 2015, xa que empezou a escoitar que “sería boa idea meterse en política e a xente dicíame que valía para facer cousas”. Porén, “todo quedou aí, pero era unha posibilidade”. Por problemas persoais, Capón deixou de pensar en política durante uns anos, ata que en 2022 decidiu volver a Láncara a apoiarse na súa familia e alí empezou a pensar en política. “Decido apostar por unhas ideas que van comigo, que son as do Partido Popular. Así, noméanme presidenta da xestora do PP de Láncara en outubro de 2022 e preséntome en xaneiro de 2023 como candidata ás eleccións municipais coa intención de facer unha acción social e promover o progreso. Apostar por Láncara, e quero os meus veciños teñan benestar”, explica. Desta maneira, nas eleccións sae elixido Darío Piñeiro, que leva desde o 2015 sendo o alcalde, pero Olga Capón entra co seu equipo na Corporación municipal.

“Temos claro o noso compromiso coa Corporación municipal e estamos ao lado dos veciños, escoitando as súas necesidades, porque eu son unha veciña máis”

O PAPEL DA OPOSICIÓN. Para Olga Capón, estar na oposición “é unha

responsabilidade porque na corporación municipal se decide o benestar dos veciños e a dirección que vai tomar o Concello”. Así, sostén que respecta “totalmente a figura do alcalde e do concelleiro”. Ademais, engade que “nós temos moi claro o noso compromiso”. Para ela, a acción da oposición é fiscalizar a acción do goberno, estar ao lado do veciño para ver que necesidades ten e impulsar aquilo “que queremos, polo que hai que coñecer o terreo, ver que carencias hai, que necesidades teñen os veciños e veciñas e fiscalizar como se xestionan os recursos”. Ademais, cre que é importante “contar coa opinión dos nosos compañeiros, estar ao lado dos veciños e veciñas de Láncara e mirar cara ao futuro e cara o progreso. Estamos aquí para axudar e para impulsar, estamos para darlles información e para facilitarlles calquera xestión. Estamos ao lado dos veciños porque eu son unha veciña máis”.

A POLÍTICA, NO PERSOAL. Olga Capón explica que formar parte da oposición do Concello de Láncara implica sacrificar tempo, pero o que sacrifica a nivel persoal, “gáñalo en ilusión, porque invistes tempo nos veciños, en saber, coñecer, analizar e ter a información de primeira man do que necesitan os nosos veciños”. Nós temos moi claro que somos do PP e que a administración autonómica nos pode servir para que a administración local teña crédito e presuposto; e tamén a Deputación”. Finalmente, explica que “se nós queremos facer este labor social, facémolo con ilusión e ten uns beneficios, xa que é fantástico estar ao lado dos veciños”, porén, di que “o malo é defenderse e dicirle aos veciños que non estamos para amolar, senón para axudar”. Así, con todo este ánimo e ilusión, a portavoz popular sostén que desde o PP queren chegar á Alcaldía: “Eu estou ao servizo do PP



de Láncara e o que quero é aportar e sumar, polo que quero ser alcaldesa e formar un equipo concienciado para traballar, que dedique tempo á política. Porén, se por beneficio do partido teño que ceder o posto de Alcaldía a un candidato de maior valía ca min, estou á súa disposición; pero agora mesmo teño a capacidade, interese e ilusión necesarias para dirixir o equipo popular de Láncara”, argumenta.

AS NECESIDADES. Con respecto ás necesidades do municipio lancares, Capón explica que aquí hai “unha pésima ou nula atención ao medio ambiente, con respecto ao tema da recollida de lixo, da xestión de recursos, de dar medios e información... Estamos moi en contra de como se está levando a cabo o tema da recollida do lixo, por iso estivemos investigando o tema, xa que se acumulan os plásticos agrícolas nos puntos de recollida e pedimos en diversas ocasións nos plenos que se pedira axuda ás administracións”, sostén. Unha das liñas do programa que levaron nas eleccións municipais os populares, e que resaltan como punto imprescindible, é o coidado do medio ambiente, “porque queremos o concello limpo e o forestal limpo”. Por outra banda, defende que é necesario promover o asentamento de poboación, que “implica crear

vivenda e solo industrial con compatibilidade total co noso territorio agrícola-gandeiro”. Así, explica que a porcentaxe de persoas que superan os 60 anos no rural de Láncara “é moi elevado, e sufrimos como todos os concellos o despoboamento”. Por iso, explica que “impulsar a vivenda para nós é fundamental e o Goberno municipal debe facilitar a inversión privada e que poñan todos os medios para impulsar a vivenda social. Queremos aumentar a poboación porque A Pobra de San Xiao está a 10 minutos de Sarria, a 20 de Lugo; hai unha moi boa comunicación cos concellos máis grandes. Podemos impulsar o concello”, conclúe. Finalmente, a terceira liña que defenden os populares son os servizos de calidade, xa que “o Concello carece de todo isto e imos intentar conseguilo”. Así, di que non hai espazos habilitados para a reunión, xa sexa para que as persoas maiores queden a xogar as cartas, para a mocidade, ou para que os nenos poidan realizar diferentes actividades. “Tampouco hai espazos ao aire libre no que se poida xuntar a veciñanza e así poidamos socializar”, engade. Con todo, pon en valor o municipio, xa que explica que “Láncara ten unha contorna paisaxística preciosa que debemos preservar e manter e promover que o Concello de Láncara se poña no mapa”.

AUDÍFONOS SIEMENS
DISCRETOS, VERSÁTILES, CON PILAS O RECARGABLES

Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

ASISTENCIA AUDITIVA A DOMICILIO

Si no puedes desplazarte hasta nuestro gabinete auditivo

Hacemos pruebas de audición y adaptación en tu domicilio

OFRECEMOS LA REHABILITACIÓN AUDITIVA QUE MEJOR SE AJUSTA A TUS NECESIDADES

PRUEBA DE AUDÍFONOS SIN COMPROMISO DE COMPRA
PIDE TU CITA EN: 982 531 191 / 669 548 976

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com

FACEANDA FARRUQUINO

ATENCIÓN FAMILIAR
SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE
DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.
DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

paradela

Xa hai datas para as viaxes de verán á praia



O Concello de Paradela vén de anunciar as datas das viaxes á praia neste verán de 2024 durante os meses de xullo e agosto. Desta maneira, en xullo comezaron o día 4 cunha viaxe a Pontedeume, seguirán o día 11 cunha viaxe a Montalvo e rematarán o día 18 cunha viaxe a Boiro. Pola súa parte, en agosto, xa o día 1 irán cara a Riveira, o 8 a Viveiro, o 22 a Miño e rematarán as viaxes o día 29 de agosto en Foz.

Todas elas sairán ás 8.30 horas diante do mercado gandeiro de Pa-

radela e terán un custo de 7 euros para os adultos a partir de 14 anos empadroados en Paradela, mentres que as persoas que non están empadroadas deberán pagar 6 euros se son menores de 14 anos e de 12 euros se son maiores.

As persoas que desexen participar destas actividades deberán anotarse previamente no Concello e as persoas menores de 18 anos que viaxen sós deberán traer autorización asinada polo seu representante legal.

O colexio, o protagonista de actividades e do campamento

A alcaldesa de Paradela, Montserrat Mulet, fixo entrega do material do Programa de Pacto de Estado no Ceip Plurilingüe San Miguel de Paradela baixo o lema 'Xogando en igualdade'. Así, dotouse ao colexio de xogos sen identidade de xénero, de libros de promoción da igualdade e dunhas mochilas viaxeiras. A maiores, cada neno e nena, recibiu de man da alcaldesa un agasallo consistente nun ioió e nunha chapa identificadora do Programa.

Ademais, o colexio é o lugar onde se desenvolve o campamento de verán para nenos e nenas empadroados no municipio de entre 3 e 12 anos. Tamén poden participar pequenos da mesma idade que estean empadroados noutros concellos pero que teñan vinculación familiar con persoas empadroadas no Concello de Paradela. O campamento desenvólvese desde o 1 de xullo e ata o 30 de agosto de 10.00 a 13.00 horas no polideportivo do colexio.

O Concello abre a Oficina de Información Turística para o verán

A Oficina de Información Turística de Samos abre as súas portas para dar servizo aos turistas e peregrinos que cheguen ao municipio durante os meses de verán.

Desta maneira, estará aberta de martes a sábado en horario de mañá, de 10.00 a 13.30 horas, e en horario de tarde, de 16.00 a 18.00 horas. Pola súa parte, o domingos tamén permanecerá aberta desde as 11.00 ás 13.30 horas.

Ademais, xa se pode consultar co técnico de Turismo todo o que as persoas queiran saber sobre o Concello de Samos, como que visitar, onde comer, onde aloxarse, cales son as rutas máis interesantes, os miradoiros...

SEGUIR MELLORANDO SAMOS. Por outra banda, o Goberno local



aprobou os expedientes para a adquisición dunha mini escavadora un tractor con desbrozadora de brazo lateral mediante un procedemento aberto. Para esta maquinaria, destinará máis de 90.000 euros, xa que o tractor suporá uns 65.219 euros e a mini escavadora,

pola súa parte, terá un custo de 25.410 euros. O tractor, ademais da desbrozadora, debe levar unha coitela para a neve e será utilizado para axudar nos servizos municipais na mellora das infraestruturas viais das parroquias do municipio, ao igual que a mini escavadora.

A Feira da Artesanía de Samos celebrárase o vindeiro 11 de agosto

A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos organiza a Feira de Produtos de Artesanía que se celebrará o vindeiro 11 de agosto no municipio samanense e as persoas interesadas en expoñer o seu traballo xa pode inscribirse para formar parte dos postos.

Por segundo ano consecutivo, e despois de non celebrarse durante 4 anos, esta Feira cumpre a súa XXIV edición co fin de consolidarse como unha cita que atraia turismo a Samos de toda a comarca de



Sarria e da provincia de Lugo. Ao igual que o ano pasado, ademais dos postos de exposición de artesanía, libros, complementos,

obxectos decorativos e produtos gastronómicos locais, haberá tamén obradoiros de cerámica, torno en madeira e cestería.

FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

MADERAS GUILLAR
COMPRAMOS MADEIRA DE TODO TIPO: CASTAÑO, CARBALLO, PINO, EUCALIPTO
(fincas de calquera tamaño)
ENCARGÁMONOS DE TODO PAGO INMEDIATO

645 958 789 (Pablo)
660 517 860 (José Angel)

CHÁMENOS SEN COMPROMISO

“Os resultados no Concello vense, pero hai que seguir traballando”

Chus López, primeira muller alcaldesa de Samos, valora positivamente o traballo feito polo Goberno local no primeiro ano de legislatura

A primeira alcaldesa de Samos, como se leva a responsabilidade?

Sendo consciente de que é unha gran responsabilidade, pero lévoa ben. Se ben é certo que lle dedico moito tempo e esforzo, leva moito traballo. Tamén teño que dicir que é moi reconfortante e gratificante ver que podes mellorar a vida da veciñanza, mellorar o municipio e conseguir poñer en valor o seu potencial.

Como foi o traballo no primeiro ano de Goberno?

Na miña opinión foi moi ben, traballamos moi duro, víronse en poucas semanas os resultados e se seguen vendo... Recuperáronse moitas festividades que levaban moitos anos sen facerse e incorporáronse novas, como Cantos de Taberna, Magosto... co que se promocionan os nosos produtos e axúdase aos negocios locais. Por outra parte, agora o concello está moito máis limpo e coidado e isto é fundamental para seguir levando a cabo o labor de promoción e favorecer o turismo, que repercute na economía do Concello. Apostamos polo produto km0 e procúranse mercar nos negocios locais. Outro gran logro é facilitar a conciliación, este ano conseguíuse ter o servizo de madrugadores e actividades de tarde no colexio para facilitar ás familias o compatibilizar o traballo coa crianza. A mellora en servizos, ademais do arranxo de pistas prioritarias e en moi mal estado dende hai moitos anos, estase axilizando,

e tamén facilitando moitos trámites que poden ser moi beneficiosos para a veciñanza, como é o servizo para poder facer a declaración da renda, poñer o punto de información do catastro, favorecer a instalación de fibra e intentar mellorar a cobertura, a transparencia e información na nosa web e redes, así como revisar e mirar polos intereses da veciñanza co plan básico municipal.

Cales son as accións máis destacadas do Goberno?

Destacaría moitas, como foi axudar a recuperar festas e ter oferta cultural. É moi importante sinalar tamén que conseguimos abrir os espazos á veciñanza e a oferta cultural e de actividades, como son a antiga biblioteca, que acolleu diferentes actividades, así como se están a recuperar os libros e buscándolles unha nova localización nunha sala no concello para que a veciñanza poida ter de novo acceso a eles. Ademais, o multiusos acolleu clases de manualidades, teatro e charlas, así como o pavillón, que ademais de acoller fútbol sala, empezou a ter clases de zumba e vai albergar o campo de voluntariado. Por outro lado, acondicionouse a zona cuberta do campo da festa, púxose en valor o reloxo antigo da Torre do Reloxo. Tamén se inaugurou a praza, á cal se lle puxo o nome de Vergara Vila-riño, dándolle por fin o seu espazo ao poeta Fiz e coa sorte de que se inaugurou ese mesmo día o museo

etnográfico de Pío. Fixéronse melloras no entorno, a renovación de paneis informativos, a limpeza de beirarrúas e do río, a mellora de iluminación, o acondicionamento de xardineiras, poñendo plantas na área recreativa de Teiguín e a retirada de barreiras de obra que levaban meses. Outro logro primordial é que conseguimos por primeira vez o servizo de conciliación, que cubre mañás, tardes e numerosas actividades. Para nós é básico ter unha colaboración continua coa Anpa e o colexio, pois é una prioridade o asentamento de poboación, e é un pilar para o noso concello, os nosos e nenas e as familias. Tamén quero resaltar o gran traballo que se fixo de transparencia e información, pois fixéronse moitas melloras na páxina web, actualizando a información e colgando as actas dos plenos; e ademais abríronse as redes sociais. Dedicamos moito esforzo tamén a estar presentes e visibilizar e promover Samos da man do GDR, con actividades promocionais que se trouxeron a Samos da man da Deputación, da Mancomunidade do Camiño e un largo etc. Reforzouse o apoio ao deporte, non só ao torneo de fútbol sala, senón tamén o deporte individual e tamén o infantil. Tamén pedimos a subvención para o amaño da pista de Portela, e fixémoslo en menos de dous meses, algo que se levaba reclamando máis de 10 anos; e tamén firmamos coa Deputación de Lugo



un convenio para mercar maquinaria. En definitiva, un traballo arduo para aproveitar cada oportunidade que se presente a Samos, para ter presenza, para sacar partido a súa potencialidade, facer todo o posible para mellorar os servizos, ter máis oferta, máis vida, ter unha mellora continua como veciñanza e como Concello, sendo o máis eficientes posibles cos recursos que temos e que podemos conseguir.

Como son as relacións cos concelleiros da oposición?

Poderían ser mellores, pois non compartimos a maneira de traballar nin actuar. Gustaríanos que foran una oposición construtiva que aportara, pero máis ben é o contrario e a súa maneira de actuar denosta a política. Deberían propoñer con coherencia, actuar de maneira limpa e coa verdade, traballar de verdade para o concello e non sola, e exclusivamente, para os seus intereses.

Podería falar das principais necesidades do concello?

As principais necesidades son orzamentarias e o que propoñemos sería non ter que asumir economicamente competencias impropias, que lastran gravemente as nosas

arcas. Precisaríamos que nos pagaran o 100 % do que custa o Servizo de Axuda o Fogar, das vivendas comunitarias, os gastos do centro de saúde, do colexio, do rexistro civil e xulgado de paz, de servizos sociais, etc. Ese diñeiro daríanos unha marxe moi necesaria para nós, xa que somos un concello pequeno pero extenso, de montaña, con pouca industria, con moita poboación maior.

Cales son os proxectos futuros nos anos que quedan de legislatura?

Seguir traballando duro para aproveitar cada oportunidade que se presente, conseguir o máximo posible, ter presenza como municipio alí onde nos beneficie e seguir loitando por conseguir mellorar a vida da veciñanza e o Concello. Temos moito traballo por diante: arranxo de vías, acondicionamento de locais, mellora da eficiencia enerxética, mellora de comunicacións e cobertura, promoción e traballo con negocios, empresas, produtores, etc. que xa vimos facendo e debe de seguir para conseguir asentar traballo, e con el poboación. Temos que seguir traballando día a día para mellorar o noso concello.

AS RODAS

NUEVA GERENCIA

MENU ESPECIALIDAD EN PARRILLA

Buffet libre churrasco 29€

Incluye: ternera, cerdo, pollo, criollo, chorizo, patatas, ensalada, pimientos de padrón, postre, bebida, café y chupito.

Menú diario 12,50€
Menú fin de semana 15€

Churrasco siempre incluido en el menú
Amplio horario de cocina de 11h a 17h.

Celebración de eventos / Habitaciones
Tels. reservas: 634 494 540 / 982 546 749
Lugar Valiña 7, Sarría

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

Haberá actividades no municipio grazas a Afalu



O Goberno local do Concello do Incio acordou coa Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Lugo (Afalu) facer actividades formativas a partir do mes de setembro. A formación vai estar dirixida a cuidadores de persoas en situación de dependencia e tamén se farán accións destinadas aos veciños. Desde a Asociación propúxose ofrecer cursos sobre o cuidado no fogar ou o

autocoidado a través de obradoiros. O Concello estuda agora as necesidades para fixar os lugares nos que se levarán a cabo estas actividades, así como as datas. O alcalde, Héctor Corujo, asegura que esta vía de colaboración "é moi necesaria para axudar nos cuidados das persoas dependentes e dos seus cuidadores, polo que se espera que as propostas sexan de axuda para os nosos veciños e veciñas".

Xa está todo preparado para desfrutar do festival Tremeterra



Os organizadores do III Encontro SoundSystem da Terra Brava, o Festival Tremeterra, pechan o cartel de artistas e grupos de música que actuarán no encoro de Vilasouto do Incio os vindeiros 30 e 31 de agosto. Desta maneira, o 30 de agosto actuarán Wedding Dub, Higher Meditation, Nia Songbird, Mr Zebre, Baboon Prophecy, High Paw, Chapamama e Dub Mono Hi-Fi. Pola súa parte, o día 31 actuará Radikal Guru, Wandem Soundsystem & Hornsmen Section, Torok, Ginette Prod, Lewis Bennet, High Nebra, Le Faune Step-

per, Amandub, Ital Roots e Lasai. Por outra banda, os organizadores, que forman parte de asociacións sen ánimo de lucro, veñen de poñer en marcha unha campaña de *crowdfunding* para buscar fondos para financiar o festival, xa que é gratuito. Así, defenden o acceso libre á cultura e buscan "xerar espazos nos que desfrutar e compartir sen que as barreiras económicas supoñan un obstáculo", explican. Por isto, animan a colaborar a través do crowdfunding, mercando as súas 'Tremecamis' e consumindo nas barras.

Xabier Vizcaíno lanza o seu novo sinxelo baixo o nome de 'Tóxico'

O cantautor do Incio, Xabier Vizcaíno, coñecido polas súas emblemáticas composicións como 'Sete Chorares' ou 'Camiños', vén de lanzar o seu novo sinxelo 'Tóxico'. Este tema serve como adianto do que será o seu próximo traballo discográfico e a canción mantén a esencia melódica que caracteriza ao compositor do Incio, pero introduce unha temática novidosa: o amor tóxico. Vizcaíno aborda nesta canción unha realidade presente na vida cotiá pero que non explorara ata o de agora nas letras das súas composicións. "Sempre escribín sobre o amor, pero nunca tratara esta faceta. 'Tóxico' fala dunha historia de amor no mundo tóxico que estamos creando", explica o artista, que informa de que o seu cuarto traballo discográfico sairá despois de verán ou ao rematar o ano.

Por outra parte, ao ser preguntado polas súas raíces, di que "O incio é primordial, é onde nacín, onde me



criei e onde me desenvolví; os que nacemos no rural e tivemos que saír polo mundo adiante para seguir nutríndonos, sempre temos as raíces moi fortes e eu téñoas no Incio, onde fun e son feliz, onde empecei a facer música na casa dos meus pais; é un cabo a terra", sostén. Ademais, falando sobre a tradición musical que hai no municipio, sostén que "é curioso, xa que no Incio hai un elen-

co musical con gran de cantidade de músicos, pero tamén escritores e personaxes do aspecto cultural que saen de aquí. Desde tempos de antes sempre houbo grupos de baile e de música, xente que fabricaba partes das gaitas... Concretamente, na miña familia só nos dedicamos á música a miña irmá e eu, pero si que é certo que hai gran tradición musical no Incio, quizais é a auga", ironiza.

A travesía da Cruz do Incio, na estrada LU-644, está a ser mellorada

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas executa obras de mellora da estrada autonómica LU-644 á altura da travesía da Cruz do Incio, no Concello do Incio. O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, explica que o orzamento ascende a 38.300 euros financiados con cargo ao contrato de conservación ordinaria e vialidade invernal da Zona Sur da provincia.

O proxecto inclúe o reforzo do firme mediante o estendido dunha capa de formigón bituminoso e a adecuación de cotas á nova disposición das beirarrúas executadas polo Concello. Tamén se construírán dous pasos peonís sobreelevados a petición da Administración local, coa finalidade



de reducir a velocidade de circulación nesta zona urbana. A actuación completárase co repintado da sinalización horizontal en todo o treito obxecto de mellora, que abrangue 320 metros entre os puntos kilométricos 9+800 e 10+120. O delegado explicou que, ante as posibles interrupcións do tráfico para

executar as obras, se habilitarán carrís alternativos e sinaláranse desvíos provisionais mentres se opera na zona. A estrada LU-644 ten 11,2 quilómetros de lonxitude e conecta Rubián, en Bóveda, coa Cruz do Incio. A finalidade da actuación é incrementar a seguridade e as presións da vía, concluíu Arias.

STIHL

PRESUME DE JARDÍN

COMO LA CALIDAD PREMIADA DE LA BATERÍA VITA.

UNA BATERÍA PARA TODAS TUS MÁQUINAS

DESCÚBRELAS EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL.

OFERTA PRIMAVERA 2024

Ferretería Sarriá

Pedro Saco 33, Sarriá.
Telf. 982 532 202

V.A.

Vazquez Autos

pelayo

Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

O Encoro de Vilasouto ten un novo espazo para gozar das vistas

O Incio conta cun novo espazo para desfrutar do encoro de Vilasouto, un miradoiro ao pé do río, desde o que observar a conca do río Mao e desde onde facer fotos. Ademais de acondicionar esta plataforma preto da presa, tamén se mellorou o peche perimetral que bordea Vilasouto para ofrecer unha ruta para percorrer este espazo en plena natureza.

DEPUTACIÓN

Adxudicado por 400.000 euros o Servizo de Teleasistencia 24 horas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación, por 380.290,80 euros, do contrato para a prestación do servizo de Teleasistencia domiciliaria as 24 horas que ofrece a institución provincial. A voceira socialista, Pilar García Porto, informou que a empresa adxudicatária é Servizos de Teleasistencia SA e a duración do contrato será de 1 ano coa posibilidade de prorrogalo de forma anual 3 veces máis, ata un máximo de 4 anos.

“Este é un dos piares da nosa rede de protección social, xunto cos centros públicos de atención ás persoas maiores e o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia”, valorou a deputada. Engadiu que grazas a este servizo, a

Deputación garante atención domiciliaria gratuíta as 24 horas, os 365 días do ano, a cerca de 2.000 veciños e veciñas dos 67 concellos da provincia que teñen dificultades na súa autonomía.

Nese sentido, apuntou que a Teleasistencia “é unha forma de favorecer a permanencia, o arraigo e a integración no entorno familiar e social destas persoas, sobre todo no rural”, porque os usuarios deste servizo e as súas familias “viven con máis tranquilidade, pois saben que contan cun sistema de chamada para recibir atención en calquera momento”.

Lembrou a deputada que a Teleasistencia consiste na instalación dun dispositivo no domicilio das persoas usuarias que permita a mobilización

de recursos ante unha situación de emerxencia e necesidade, pero tamén serve para facer seguimento ás persoas que o necesiten.

EMPREGO PÚBLICO. Aberto un novo proceso de selección para a contratación de empregados públicos que prestarán servizo na Deputación de Lugo de forma temporal. Concretamente, a Xunta de Goberno deste venres aprobou unha nova convocatoria e as bases específicas para a creación de catro listas de emprego temporal para desenvolver os seguintes postos de traballo: Un peón para a reparación de vías provinciais, adscrito ó Parque Móbil; un maquinista condutor; un psicólogo ou psicóloga; e un auxiliar administrativo.



Asoporcel recibe unha achega da Deputación para impulsar a produción

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co presidente da Asociación de Criadores da Raza Porco Celta (Asoporcel), José Barreira Alonso, un convenio de colaboración mediante o cal a institución provincial realiza unha achega económica de 39.000 euros a esta entidade. O obxectivo deste acordo é impulsar un plan de fomento da produtividade, competitividade e rendibilidade nas granxas de porco celta.

José Tomé Roca avanzou que “coa firma deste convenio a Deputación colabora con este proxecto que ten como finalidade principal poñer en mans dos gandeiros e das gandeiras as ferramentas necesarias para que as súas granxas acaden o máximo rendemento. Ademais, este plan supón un importante impulso para a profesionalización do sector, para o asentamento das ganderías existentes e para atraer aos mozos e mozas a iniciarse na actividade gandeira como modo de vida”.

Nesta liña, as actividades que se van desenvolver dentro desta iniciativa son as de asesoramento xeral e formación dos gandeiros, orientación e control da xestión dos aspectos sanitarios da produción, así como das medidas de bioseguridade e do mantemento das instalacións. Igualmente, tamén se inclúen recomendacións sobre cuestións rela-

cionadas coa alimentación dos animais, a trazabilidade da produción e asuntos comerciais e publicitarios. Neste proxecto, que xa se vén realizando nos últimos anos, tamén se inclúen programacións integradas e individualizadas para cada unha das granxas, o que permitirá conseguir resultados de produción máis beneficiosos, en canto a cantidade e a calidade, así como mellores oportunidades comerciais.

O presidente destacou que “esta colaboración demostra o noso compromiso co sector primario e agrogandeiro, que, sen dúbida, é un dos motores económicos da provincia, pois contribúe a crear riqueza, xerar emprego e, en definitiva, fixar poboación no rural da nosa provincia”.

ASOPORCEL. Asoporcel constituíuse no 1999 e é a primeira e única asociación que agrupa aos produtores de raza porco celta en Galicia. A día de hoxe, esta entidade supón un pilar clave para o sector, posto que realiza numerosas actividades de promoción, formación, profesionalización e especialización do sector gandeiro galego co fin de acadar un ámbito competitivo e sostible. Na actualidade, a entidade conta con 136 granxas asociadas, sendo a maioría delas da provincia de Lugo, cun total de 74 socios e 2.480 cabezas.

Destina preto dun millón de euros á mellora de catro estradas

A Xunta de Goberno aprobou a adxudicación de catro novas obras en estradas provinciais nos concellos de Antas de Ulla, Castro de Rei e O Saviñao cun investimento conxunto de preto dun millón de euros.

En concreto, en Antas de Ulla adxudicou á empresa Explotaciones Gallegas SL por un importe de 514.225 euros as obras de mellora que se van realizar na LU-P-0301, a vía que dá acceso ao que será o Parque Central de Galicia. O proxecto, que ten un prazo de execución de catro meses, incorpora actuacións entre os puntos quilométricos 0,3 e 3,6 e inclúe o ensanche de varios treitos, as correspondentes tarefas de drenaxe, a colocación das tubaxes correspondentes, así como a limpeza de cunetas. Tras rematar estes traballos, procederase á pavimentación



con aglomerado en quente en todo o trazado, á sinalización da vía con marcas reflexivas brancas e á renovación das sinais verticais.

Ademais, tamén adxudicou por un importe que supera os 300.000 euros as obras que se van realizar en dúas estradas do concello do Saviñao. Por unha banda, adxudicouse

con preto de 230.000 euros os traballos de acondicionamento do firme LU-P-3202, a vía que comunica Monforte con Currelos. No Saviñao tamén adxudicou por preto de 80.000 euros á empresa Fevisa Vías e Obras SL a repavimentación da LU-P5810, desde a LU-P-5804 ata Ereixafeita por Cazón. O prazo de execución destes traballos é dun mes e inclúen o acondicionamento de 500 m2 de superficie mediante un dobre tratamento superficial.

A última das obras adxudicadas foi no concello de Castro de Rei por un importe de 130.000 euros á empresa TA Isidro Hermanos Blanco Trigo SL. Realizaranse na LU-P-1105, a estrada que une Ponte de Outeiro con Quintela, nun prazo de execución de 25 días e afectarán ao treito que vai dende o quilómetro 3,3 ao 6.

CREADOS

- PSICOPEDAGOGIA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACION PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27800 Sarría (LUGO)
626 21 86 28

INFANTIL
PRIMARIA
ESO

Peluquería Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela

617 403 579

DEPORTES

O sarriao David Páez, novo director de canteira do CD Lugo



O sarriao David Páez foi presentado como novo director de canteira do Club Deportivo Lugo. Xunto a el comparecía o director deportivo, Roberto Sáez. O sarriao amosábase moi contento pola súa incorporación: "Son de Lugo, de Sarria, a 20 quilómetros, lévoo no sangue". "Quero agradecer a oportunidade que me brinda o club e, en especial, o presidente Tino Saqués". O

novo director asegura que a provincia ten un nivel moi alto: "Queremos demostrar que esa materia prima que hai aquí en Lugo é óptima para competir ao máximo nivel". Asegura que queren recuperar as categorías perdidas, pero tamén formar xogadores para que cheguen canto antes ao primeiro equipo. Ims tentan profesionalizalo ao máximo", concluíu.

O 13 e 14 de xullo terá lugar a IX edición do DHU Vila de Sarria

A IX edición do DHU Vila de Sarria, que terá lugar os vindeiros 13 e 14 de xullo, acollerá a profesionais do ciclismo que competirán en descenso, sorteando obstáculos con saltos de máis de 10 metros e 120 módulos de madeira. Xa están confirmados varios, como Toni Ferreiro, Campión de España de descenso e de Enduro; Eva Castro, que é Campioa de España e Campioa Open de España Enduro, etc.; Marco Veiga, campión e subcampión da copa de España; Alba Arias, a vixente campioa do DHU Vila de Sarria; 'Bicitor' Víctor Sáenz Durán, líder nos campionatos de campionatos nacionais de Downhill e Pumptrack; así como a actual campioa de España de DH e de Espa-



ña de Enduro, Sara Yusto. O evento virá acompañado de moita música da man de grupos como Los Enemigos, Thee Blind Crows e Drugos, que actuarán durante o sábado 13, xornada na que serán protagonistas os máis pequenos, xa que terá lugar o

MINIDHU. Ademais, haberá un mercado urbano no que haberá postos con produtos, así como moitos premios: 600 euros para o primeiro e a primeira, 250 euros para o segundo e segunda e 100 euros para o terceiro e terceira.

La Vieja Taberna proclamouse campión do XXXIV Torneo Fútbol Sala San Xoán

Sarria acolleu na fin de semana das Festas do San Xoán, os días 21, 22 e 23 de xuño, o XXXIV Torneo Fútbol Sala San Xoán de Sarria 2024 no pavillón José Mario González do Chanto, no que participaron 25 equipos, dos que La Vieja Taberna conseguiu o primeiro premio de 1.500 euros e; mentres que os segundos foron Alumisar, que recibiron 700 euros; os 3º, que foron Os Amigos, e os 4º, Bar Dickens. Con respecto aos últimos, quedaron de 5º Os Colonos, de 6º Bar Choupal / Dpont, de 7º A Lareira e de 8º



Taberna Orixe. Ademais, tamén tiveron premio o mellor porteiro, Losada, da Vieja Taberna; e Héctor, de Alumisar, como mellor xogador. Así, tamén se fixo un quinteto

ideal, que estaría formado por Saúl Tourón e Kevin Mejuto, de Os Amigos; Diego Torres, de Vieja Taberna; Antucho, de Alumisar; e Rubén Díaz, de Cafetería Dickens.

Arredor de 30 persoas fixeron unha ruta en bici de 35 km

Distintos membros da comunidade educativa do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria, grazas á colaboración do Club DHGTeam, desfrutaron da súa afición pola bicicleta e do contacto coa natureza. Arredor de trinta persoas entre alumnado, profesorado, familiares e colaboradores compartiron unha xornada

na que practicaron unha ruta de 35 km en bici por sendeiros e antigas vías de tren entre Sarria e A Pobra de San Xiao, onde se realizaron un xantar na praia fluvial. Esta xuntanza interxeneracional, xa que os participantes tiñan entre 9 e 70 anos, tivo tanto éxito que esperan repetir ao longo do próximo curso escolar.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?*

*SOLO SARRIA
(CASCO URBANO)

¡SÁCALE RENTABILIDAD
YA A TU PISO!!!

TOURIST HOME

GESTIÓN DE PISOS
TURÍSTICOS

Tfno: 650 082 298

GESTIONAMOS
TU PISO
A LA CARTA

NOS ENCARGAMOS
DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

INFÓRMATE SIN
COMPROMISO

“Estamos súper contentos co traballo deste ano”

Álex Losada, máis coñecido polo seu apodo deportivo Álex Camba, valora o primeiro ano como xerente e adestrador da AC Taekwondo

Como foi o primeiro ano de vida da AC Taekwondo de Sarria?

A verdade é que comezou cun pouco de dúbida, xa que non sabíamos como ía aceptar a xente de Sarria esta actividade, pero foron pasando os meses e o tempo e foi tendo mellor acollida. A día de hoxe é unha das actividades das que falan moi ben en Sarria e unha das máis recoñecidas, xa que estamos en dous lugares, na escola de Sarria e no colexio de Paradelas cunha actividade extraescolar na que participan 15 pequenos, mentres que na escola temos entre 70 e 75 federados. Xa estamos reservando prazas para a tempada que vén e contamos con 100 licenzas, así que estamos súper contentos.

Cales son os éxitos do seu alumnado que máis valora?

Valoramos o percorrido do noso alumnado Mateo Fernández, que empezou este ano e daquela xa lle dixen que era un ano de preparación na categoría Júnior, xa que está no primeiro dos tres anos da categoría. Aínda estando no primeiro, logrou quedar 3º na categoría Júnior do Open de España 2º no Campionato Galego. Ademais, estou contento cos nenos da escola e eles son moi felices por conseguir medallas, o que fixeron no campionato provincial de *poomsae* en Taboada e no Campionato Galego Escolar en Vigo.

Como se sentiu como adestrador durante esta tempada?

A verdade é que estaba un pouco asustado ao inicio do curso porque sempre fun alumno e competidor, pero a verdade é que cambiar o rol, aínda que me custou porque planifi-

caba as clases como competición e despois dinme de conta de que iso non podía ser e adapteime as necesidades dos nenos; foi interesante porque lles aprendín as técnicas desde nenos e inculcamos o respecto cara aos compañeiros e cara ao lugar onde adestran: saúdan ao entrar e piden permiso, e son pequenos valores que se lles van inculcando. No momento de traballar, todos teñen que centrarse, e cando xogamos tamén o facemos.

Unha valoración xeral do ano?

Eu pensaba que con arredor de 40 licenzas ía ser bo ano, pero entre a escola e o colexio duplicamos ese número, así que obxectivo cumprido e con creces. A nivel deportivo, contaba con sacar cintos, exames e así foi. Tamén quería sacar medallas provinciais, que se conseguiu, e logo conseguimos medallas en galego e nacional, e non contabamos con iso, polo que estamos moi contentos.

Con respecto ás familias, din que están moi contentos e notan moita melloría no comportamento dos pequenos e que é un plus de educación, de estar activos...

Como espera que sexa a tempada próxima?

Queremos seguir con esta dinámica de clases, que os nenos aprendan e o pasen ben, e queremos empezar a traballar nun equipo competición de combate e de técnica. Así, imos engadir clases para alumnos a partir dos 9 anos para perfeccionar os grupos e que poidan comezar a competir ben. Mateo, concretamente, se segue igual, intentaremos que chegue a estar entre os mellores de Galicia e que o ano que vén poida formar equipo coa selección española.

Cales son os proxectos de futuro?

A intención deste ano era organizar un campionato en Sarria e fun falar co Concello, e involucráronse



totalmente, ofrecendo o seu total apoio para levalo a cabo, pero non se puido realizar porque a Federación non tivo datas, entón movémolo para a tempada que vén. Queremos relacionar o Camiño de Santiago co taekwondo co fin de promover que veña moita xente a Sarria tanto deportivamente para participar como as súas familias e

outras persoas interesadas no deporte para promover a economía local. Así, contamos con persoas de toda Galicia e de fóra, de Asturias e de Castela e León, aínda que non sabemos número de inscritos, será un campionato grande porque está pensando para que participen desde nenos pequenos ata persoas de 100 anos.



Campionato Open Rankeable Nacional

Álex Camba coroouse campión do Open Rankeable Nacional de Madrid que tivo lugar os 15 e 16 de xuño no pavillón municipal de Gallur en Madrid o Open Rankeable Nacional de Madrid. O adestrador da escola AC Taekwondo Sarria competiu en sénior 1 individual, mentres que o alumno Mateo competiu en júnior individual, logrando pasar á final, pero non conseguiu subir a podio. “É un campionato que a pesar de non lograr medalla servirlle a Mateo como aprendizaxe de fronte ao futuro”, explica o seu adestrador. Pola parte do profesor da escola, Álex Camba, este chegaba ao campionato con opcións de clasificar ao campio-

nato do mundo noutra categoría. Xa estaba clasificado en trío con Marco e Carlos do club neka de Monforte, pero esta vez buscaba a clasificación en individual, e así foi. Álex gañou todas as roldas da competición e coroouse como campión do open de Madrid. Este campionato proporciónalle os suficientes puntos para ser o número 1 de clasificación nacional e clasificar ao campionato do mundo de Hong Kong en dúas categorías. “Estamos moi contentos de pechar esta primeira tempada cuns resultados así, que nos permiten facernos notar entre os mellores clubs de España e levar o nome de Sarria por todo o panorama nacional e mundial”.



INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.



DESCUBRINDO O PATRIMONIO

O Pazo de Paredes do Páramo

A construción representa todas as características propias dunha casa señorial que se atopa no lugar de Paredes

O Concello do Páramo contén diversas construcións consideradas Patrimonio Cultural pola Xunta de Galicia, entre elas a Igrexa de San Salvador de Vileiriz, a Igrexa de San Xoán de Friolfe, a Igrexa de Santo Estevo de Grallás, o Pazo de Vilafiz, o Pazo de Neira e o Pazo de Paredes, estas tres últimas construcións civís de carácter señorial que poden verse en distintas parroquias do municipio. Ademais, as primeiras referencias históricas do Páramo que se atoparon nos achados arqueolóxicos da Parroquia de San André da Ribeira, dan conta de varios túmulos megalíticos, e tamén abundantes castros como os de Friolfe e Moscán. Concretamente, o Pazo de Paredes, ou tamén chamado Casa Grande O Pombal, atópase na parroquia de Santiago de Sa, no lugar de Paredes, a escasos quilómetros da Vía de Altas Prestacións CG-2.2 que conecta O Páramo con Sarria e con Lugo capital. Ademais, atópase entre casas privadas que foron construídas no mesmo tempo que o propio pazo. Non hai unha data exacta de construción establecida, pero pénsase que foi levantado sobre a segunda metade do século XIX, é dicir, arredor do 1860, cando os pazos xa abundaban na xeografía galega, xa que a súa orixe e expansión se vincula ao final das guerras entre os señores feudais galegos, abandonando as torres fortificadas e os castelos e o paso a situación de paz e estabilidade social. Así, os pazos foron proliferando no ámbito rural galego como lugares de retiro da clase fidalga e baixa nobreza, estendéndose a súa construción ata

finais do século XIX, período no que se encadra tamén o Pazo de Paredes. Desta maneira, este pazo, xunto cos outros 900 catalogados en Galicia, foron lugares destinados ao descanso e o entretemento das familias fidalgas e tamén foron centros agrícolas. No caso do Pazo de Paredes, tamén ten unha parte baixa dedicada ao gando, aínda que esa parte foi reformada e agora é un espazo da vivenda onde se reúne a familia dos actuais propietarios. A estrutura deste pazo, no que destaca o escudo da fachada, é de planta rectangular, aínda que existen pazos de planta cadrada, e posúe diversas habitacións dedicadas a dormitorios, lavabos, comedor, cociña, salón con balcón, corredor e patio interno, propio dos pazos.



Ademais, a luz entra polas ventás, que son poucas e pequenas, polo que o pazo é unha construción escura e levantada sobre perpiaños de pedra co fin de protexer o interior da humidade. O pazo tamén conta cun xardín grande e unha gran terraza desde onde, antigamente, os señores fidalgos podían controlar os labores dos campesiños e tamén desfrutar das tardes solleiras; así como contaba cun pombal, de aí o nome de Casa Grande O Pombal. Este pazo, igual que os outros, aínda que foi construído no século XIX, a súa estética vén do paso da Idade Media á Idade Moderna, cando xorde o Renacemento, polo que o seu estilo arquitectónico é ecléctico e renacentista, é dicir, sobrio, sen moita decoración e no que predomina a horizontalidade.

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es